

Amigos do Mupav reclama ao Concello o cumprimento das obrigas co museo

A situación do Mupav chegou a unha situación límite, segundo indican os responsables da asociación Amigos do Mupav, que fixeron un duro manifesto no que reclaman atención inmediata sobre este centro referencia na vila. Unhas 500 persoas secundaron a iniciativa firmando un documento de adhesión a esta demanda xeral na que se pide ao Concello unha atención inmediata ao Museo e aos seus problemas de conservación. Ademais, iniciaron outras actividades para facer ver a situación na que se atopa a institución, como unha exposición no centro da vila recollendo os fitos históricos do Mupav. **Pax. 3**

Volta ás aulas con polémica

O comezo do curso escolar, con máscara e grupos burbulla, non convence e levanta críticas dun novo recorte de profesores e concentración de alumnos



Houbo que esperar ata final de agosto para que a Xunta fíxese públicas as normativas que se ían seguir este curso, o segundo trala covid. Unha vez consultadas por centros e sindicatos, non hai moita conformidade coas mesmas xa que os sindicatos aseguran que se volve facer un aumento de ratio de alumnos por profesor o que provoca un descenso de docentes. Os rapaces volverán ás aulas seguindo un protocolo con poucos cambios respecto ao ano pasado, co uso obrigado de máscara e de mantemento de distancia. Volverán tamén as clases burbulla e os horarios escalonados. **Pax. 10-11**

vilalba. Inaugurada ante a casa da cultura a escultura de Manuel María. **Pax. 3**

as pontes. A auxiliar Maessa das Pontes presenta un ERE. **Pax. 6**

friol. O Concello implanta o servizo de Madruga-dores. **Pax. 12**

guitiriz. Man Castro foi nomeado Trapeiro de Honra 2021. **Pax. 15**

a pastoriza. Convocan de novo as axudas para material escolar. **Pax. 19**

cospeito. A Asociación de Pino organiza o I Magosto Cal da Loba. **Pax. 22**

meira. A residencia de maiores abrirá no mes de outubro. **Pax. 23**

O FIV regresa este mes a Vilalba




Celebraranse os días 17, 18 e 19 de setembro. **Pax. 2**

Ponte de Outeiro recupera as festas



Serán a fin de semana do 10 a 13 de setembro. **Pax. 16**

Volve o Encontro de Torneiros



Terá lugar entre o 17 e 19 en Xermade. **Pax. 18**

Subvención para humanizar a praza da Galeguidade muresa

Un convenio entre Deputación e Concello de Muras permitirá humanizar a contorna da praza da Galeguidade con 272.525 euros que achegará a institución provincial. Vaise xerar unha plataforma de pe-

dra e formigón que unirá as fachadas dos edificios coa alameda da praza da Galeguidade, coa intención de unificar estas dúas zonas, e pola que transitarán tanto os vehículos como os peóns. **Pax. 17**

NON ESQUEZAS REVISARLLES A VISTA NESTA VOLTA AO COLE

NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
Tel. 982 510 100
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Tel. 981 45 15 04
Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

NOVAS

vilalba

Camiño Escena Norte chegará ao auditorio o 1 de outubro

A terceira edición do programa de intercambio artístico e profesional Camiño Escena Norte chegará, a partir do vindeiro 12 de setembro e até o 10 de outubro, numerosas propostas escénicas de diversas disciplinas e formatos por nove localidades galegas.

Este proxecto pretende, por terceiro ano consecutivo, expandir e dinamizar o sector escénico que se vertebra arredor do territorio que percorre o Camiño no Norte da península.

Unha das actuacións previstas será Vilalba onde, Marie de Jongh (Euskadi) representará *Ikimilikiliklik. Mi pequena*, de Jokin Oregi o día 1 de outubro ás 18.00 horas no auditorio Municipal Carmen Estévez. Terá entrada libre previa reserva en www.entradasvilalba.es, e está dirixida a un público infantil e familiar. Ao finalizar a función, haberá encontro entre o público asistente e a compañía.

Xosé Lastra Muruais gaña o Premio de Poesía

Xosé Lastra Muruais, coa obra *Loureiro* foi o gañador este ano do Certame Literario e que este ano volveu ser entregado durante as festas patronais no Auditorio Municipal nesta ocasión cun aforo reducido e previa retirada de convite; foi tamén o único evento da programación das festas que non se desenvolveu no exterior

A obra gañadora foi escollida entre as 71 que aspiraron ao galardón (das 90 presentadas, 19 non cumprían as bases).

Unha vida dedicada á ensinanza, Lastra está agora xubilado e reside en Ortigueira. É membro fundador do grupo Avantar e de Nova Escola Galega. Ademais de ser coautor e coordinador dos dous modelos de normalización lingüística para o ensino publicados por NEG (Nova Escola Galega)



e membro da Coordinadora e da Mesa estatal de Movements de Renovación Pedagóxica.

Doutra banda, é coordinador e coautor de diferentes materiais relacionados coa lingua galega, coas ciencias sociais e naturais ou coa súa didáctica no ensino: Dicionario Xerais da Lingua; as series *O Noso Galego*, *Canles*, *Ámote, mundo!*, *Nobelos de papel*, *Labia, Lingua*, *Os libros de Merlín* ou a Colección *Merlín* de literatura infantil.

Todo vendido para a fin de semana do FIV

Trece grupos actuarán en dous escenarios

O FIV de Vilalba volverá a abrir as súas portas ao seu público fiel a fin de semana do 17, 18 e 19 de setembro na que será a súa edición número catorce. Serán tres días consecutivos de música e actividades, nos que os diferentes artistas actuarán simultaneamente nos escenarios situados na Praza da Constitución e no Campo da Feira. Enclaves que acollerán este novo FIV; espazos amplos que permiten a adaptación aos tempos e aos protocolos vixentes. Son cambios pequenos para adaptarse a esta era covid que non repercutiron nas vendas, que levan tempo co cartel de *sold out*.

O festival é tamén un dinamizador cultural do territorio. Polos seus diferentes escenarios pasaron recoñecidos artistas de primeira liña do panorama actual, e nesta edición manterase o aceno de identidade de perfil de bandas nacionais de corte indie / pop / rock, con algúns artistas xa habituais do festival.

Xoel López, Zahara, Novedades Carminha, La Bien Querida, Melenas, Ortiga, dani, Momboi, Petit Pop, *Magical Colours*, *beGun dj set* e *Rapariga Dj*, son as confirmacións do cartel. O FIV contará ademais cun espazo para artistas emerxentes no que os e as asistentes terán a oportunidade de descubrir ás voces do futuro.

O FIV dará nesta edición continuidade á programación paralela do festival, aproveitando distintos espazos da localidade, dinamizando e ampliando a actividade na vila.



CONVENIO. Este ano, o Grupo Entrepinares asinou un convenio co Concello co que colabora no financiamento do FIV.

O conselleiro delegado, José Manuel García, subliñou como excelente esta colaboración entre o Concello e o Grupo Entrepinares e poñía en valor a importancia de apoiar a cultura nestes momentos de pandemia nos que se ten visto fortemente impactada pola crise do coronavirus.

“Dentro da estratexia de sustentabilidade de Entrepinares, mantemos un compromiso coa sociedade como é esta cita cultural, que leva máis dunha década situando o nome de Vilalba no panorama de festivais a nivel nacional, onde non só consolidou o seu prestixio, senón que o incrementa ano tras ano”.

Un teito de ganchillo feito por mulleres

A iniciativa Tecendo Redes 2021 presentou no inicio destas festas un toldo situado na Praza Suso Gayoso, baixando a rúa García Mato, feito a ganchillo por un centenar de mulleres. As súas protagonistas foron varias mulleres de diferentes puntos do municipio e incluso doutras localidades galegas. A iniciativa comezou coa proposta a distintas asociacións de Vilalba, como as de Insua, Nete, Santaballa ou a Asociación Amizade e foron sumándose mulleres de todos os rincóns do municipio.



EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

DISTRIBUIDOR OFICIAL

STARK



DESCUENTOS ESPECIALES...



...desde un 70% en rodamientos populares

...y desde un 60% en correas industriales



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

Amigos do Mupav inicia unha campaña de apoio ao museo

Adheríronse centos de persoas reclamando ao Concello o cumprimento das obrigas co centro

Cincocentas persoas sumáronse este mes á campaña que Amigos do Mupav iniciou para sensibilización e apoiar á institución museística ante a que eles cualifican de "grave situación que sofre o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía". Para unirse a esta campaña, hai que descargar un formulario que está dispoñible nas redes sociais e envíalo a amigos@museovilalba.org.

Tal e como explica a asociación, o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Mupav) nos seus trinta anos de existencia converteuse nun referente para a museoloxía e para a investigación arqueolóxica na Península Ibérica. "A pesar dos precarios medios que sufriu dende a súa

fundación, vén desenvolvendo unha importante tarefa de custodia, investigación e divulgación do patrimonio arqueolóxico".

O colectivo explica no seu manifesto que nos últimos anos a súa situación económica empeorou, xa que o orzamento aprobado pola institución da que depende (Concello de Vilalba) non é suficiente para sufragar os gastos correntes, asumindo a Asociación de Amigos do Museo de Vilalba os gastos relativos ás actividades de extensión cultural.

"O incumprimento por parte do Concello de Vilalba das súas obrigas de conservar e manter os locais públicos ocupados polo Mupav, agravado por unha serie de desgrazas (incen-



Exposición de concienciación realizada en Vilalba

dio, inundación e goteiras), está comezando a provocar efectos prexudiciais sobre o patrimonio histórico e bibliográfico custodiado polo Mupav. Efectos que a Inspección de Traballo requiriu a súa corrección para que o persoal poida desempeñar as súas funcións de acordo coa lexislación laboral vixente", explican.

Por todo isto, a Asociación de Amigos do Museo de Vilalba solicita o apoio ao movemento cívico, así como a adhesión ao presente manifesto e a súa difusión.

Reclaman a necesidade de dotar ao Mupav de recursos suficientes para que poida continuar coa súa misión, reforzando a entidade na fórmula

administrativa que mellor se adapte ao pleno desenvolvemento dos seus obxectivos e teñen a intención de trasladar, ás distintas administracións, organizacións e instancias europeas segundo corresponda, o risco que supón para a conservación do patrimonio histórico a falta de mantemento do edificio Mupav.

O colectivo vén de abrir un grupo público nas redes sociais no que publicou o manifesto e o formulario para adherirse ao mesmo e comezou outra serie de actividades como foi a realización dunha exposición na praza da Constitución na que se lembra a importancia do mesmo para a cultura de Vilalba e a comarca.

Adecuarán un novo aparcadoiro no casco histórico

Vilalba contará cun novo aparcadoiro que se habilitará nunha zona ao carón do casco histórico. Esta nova zona de estacionamento, gratuito e disuasorio, terá máis de 2.300 metros cadrados e unha capacidade para máis de setenta vehículos. As persoas que o utilicen están a un minuto andando da praza de Santa María e moi preto do auditorio ou o Parador de Turismo.

Mentres non rematen as obras na rúa das Pedreiras, o acceso será pola rúa da Pedra, ben sexa subindo pola rúa da Ferrería e xirando á esquerda ou baixando pola rúa do Sol e xirando á dereita.

EN BREVE

BUXOS VERDES. O grupo Buxos Verdes de Vilalba vén de abrir un novo prazo de matrícula para os cursos de gaita, percusión e baile, que terán lugar entre as 20.00 e as 22.00 horas todos os venres no Auditorio Carmen Estévez.

Para calquera dúbida sobre as clases ou o protocolo os interesados poden contactar a través do mail buxosverdesvilalba@gmail.com ou no teléfono 653 639 179.

MATO VIZOSO. A banda de gaitas Mato Vizoso de Vilalba vén de abrir a matrícula para o próximo curso escolar, que poderá realizarse a través do correo bgmatovizoso@hotmail.com. O prazo de inscrición prolongarase ata o 30 de setembro e xa se poden inscribir todos os interesados en aprender a tocar algún instrumento tradicional ou continuar coa súa formación. É requisito ter máis de 12 anos. A banda ofrece clases de gaita, de percusión tradicional (pandeireta, bombo e tamboril) e moderna.

Inaugurada a escultura de Manuel María diante da casa da cultura

Vilalba luce xa diante da súa casa da cultura a escultura en pedra de Manuel María realizada por José Gómez de Bernardo.

O Iescha, Instituto de Estudos Chairegos doou ao pobo esta talla en granito a tamaño real que mira ata a propia casa da cultura e dá as costas á rúa dos Pepes.

O descubrimento desta figura de-

dicada ao poeta da Terra Chá foi un acto conmemorativo no que falaraon distintos persoeiros da vida política e cultural, como Elba Veleiro, Marisa Barreiro, Alberte Ansede, Felipe Senén, Saleta Roi e o artista canteiro.

Tamén actuaron Buxos Verdes e Cris Román, que puxeron o toque musical á xornada, na que non



Un momento do acto de inauguración

faltaron as alusións ao desexo de que nun futuro a casa da cultura leve o nome de Manuel María pois "Manuel cantoulle a Vilalba e á Chaira enteira e tivo a deferen-

cia de escoller esta vila para tomar asento como académico da RAG. O Pobo de Vilalba está en débeda con el", lembraron durante a inauguración.

Poñémoste a 1.000

Fibra GRATIS ata 2022

Chama gratis ao **900 651 679**
www.adamo.es

Promoción válida para contratacións web ou por teléfono

FIBRA
1.000 Mb
GRATIS

MÓBIL
25 GB
8€ Chamaras ilimitadas

3 meses GRATIS

Fibra · Móbil · Fixo

Gana 40€ por cada amigo ao que lle recomendes a fibra máis rápida

<https://adamo.es/conectandoamigos>

2
amigos
80€

5
amigos
200€

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamó nos últimos 3 meses e que contrates entre o 24/08/2021 e o 18/11/2021, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + MÓBIL limitado 25GB coa promoción, durante os primeiros 4 meses, 10 pagados 15€/mes, despois 10€/mes. Adamó, 3 meses de Netflix básico. O pago do envío despois de segunda factura pagada. Prezo final con IVE e cota de liña incluído. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamó durante 12 meses. Cota de activación 12.10€ (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. No caso de que un cliente solicite a cancelación do servizo e se deuse de baixa antes dos 12 meses, terá un recargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia.

OBRAS EN VILALBA

ESTRADA. Comezaron as obras de renovación na vía que conecta as parroquias de Corvelle e Samarugo, na zona das Veigas. Os traballos permitirán o completo acondicionamento dun tramo de vía de 3'250 quilómetros. Os traballos permitirán unha rexeneración total da zona, procedendo á limpeza de noiros, á regularización da súa base e mais á pavimentación de toda a superficie con bituminoso de dúas capas.

PARQUE INFANTIL. Comezaron as obras de creación dun novo espazo de xogos infantís e biosaudables na parte oeste da praza da Constitución. Os traballos completarán o parque infantil cun espazo de lecer con xogos infantís adaptados a todas as idades e aparatos adaptados ao coitado da saúde e da mobilidade das persoas adultas. Colocarase un pavimento amortiguador de seguridade e conservaranse as árbores. Instalárase tamén un rocódromo, un campo de fútbol de material sintético para xogar 3x3 e aparatos biosaudables para a xente maior.

ALUMEADO. Saíu a licitación o proxecto de renovación do alumeadado público coa instalación de luminarias de tecnoloxía LED en Grupo la Paz e as rúas Cidade de Lugo e da Feira. As obras suporán a renovación de 183 puntos de luz.

AUDITORIO. O Concello de Vilalba esixelle á Xunta de Galicia que realice os traballos de mantemento en dous edificios da súa titularidade situados na praza do Auditorio. Nesta zona veñen de rematar unha obra de humanización, ampliando o espazo para os peóns, instalando novas zonas de descanso, renovando o alumeadado e mellorando os servizos urbanos existentes. Malia que o Concello xa autorizou o derrubamento, a Xunta aínda non tomou ningunha decisión e tampouco asume o seu mantemento.

Vilalba Aberta pedirá no Pleno o arranxo da Ponte das Candelas



A ponte das Candelas

Vilalba Aberta volve saír ao paso das necesidades da veciñanza das parroquias. Logo de varias visitas e xuntanzas na de San Simón, a formación municipalista vén de rexistrar unha nova iniciativa (a debater xa no Pleno Ordinario deste mes) coa que pretenden dar resposta ás demandas dos veciños/as, pola vía do arranxo e posta en valor da coñecida como "Ponte das Candelas". A estrutura, encravada nun antigo camiño a aproximadamente 150m da pista que une os barrios de Estremil e Catadoiro, está inservible dende hai case unha década, polo que a solicitude de restauración (tanto do camiño como da propia ponte) exposta na proposición de Vilalba Aberta, redundaría nunha notable mellora das comunicacións en beneficio das xentes desta parroquia vilalbesa.

Dende hai varios anos, estes veciños/as veñen reclamando aos sucesivos gobernos municipais que se atenda esta solicitude; mais, tal e como lamentou o voceiro da formación, Modesto Renda, "nin PP nin PSOE quixeron escoitar."

REHABILITACIÓN DA PONTE. "A rehabilitación da ponte e a lóxica posta en valor do camiño daríalle un grande servizo á parroquia, nomeadamente aos barrios do Valado, Catadorio e Regueiriño, pois suporía un atallo que evitaría moitas voltas e perdas de tempo á xente que ten explotacións e fincas pola zona", explicou Renda.

Unha opinión compartida pola súa compañeira e vicevoceira municipal da formación, M^a Xosé Fernández, quen contextualizou a iniciativa como "unha proposta de sentido común", pois "con unha pequena inversión melloraríanse substancialmente as comunicacións".

Tanto Renda como Fernández agradeceron a confianza dos veciños/as de San Simón no Grupo Municipal de Vilalba Aberta e apelaron ao consenso de todos os grupos políticos con representación no Concello de Vilalba, con vistas a facer posible "unha reivindicación de anos" que deba ser, ao fin, realidade "antes do remate da lexislatura."

Dous escolares de Noche piden un cambio da súa parada de bus



Parada de bus en Noche

O Sindicato Labrego Galego solicita á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade e á Xefatura Provincial de Lugo a atención inmediata á solicitude das familias de dous escolares que collen o bus no barrio de A Casanova – Noche, que arestora teñen que facelo lonxe das súas casas nun cruce perigoso, malia a que o percorrido do bus pasa por diante das súas casas.

No mes de xullo dúas familias de alumnado de Educación Infantil e Primaria de Vilalba presentaron solicitudes de modificación da parada de transporte escolar para aproximalas ao seu domicilio, localizado no Barrio A Casanova – Noche. Segundo

explica o SLG esta solicitude de variación non afectaría ao actual percorrido do autobús, que inevitablemente ten que pasar por diante das casas onde esta nena e este neno residen, e son o único alumnado que se recolle na actual parada. Ademais, esta nova parada sería máis segura, dado que a actual está nun cruce con pouca visibilidade", engaden.

A Xefatura Provincial de Lugo comunicoulles a denegación desta modificación, alegando "fundamentalmente que non hai unha distancia de 2.000 metros entre parada e parada para conceder unha nova, e que a actual non se pode modificar por ser unha ruta integrada"

Seguen abertas tres exposicións

O Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) abriu durante as festas tres exposicións con características distintas que todavía poden visitarse.

A primeira será a mostra *Aquela nena de Sarria*, consistente en 12 paneis que recollen os primeiros anos de Xela Arias. Poderá visitarse no auditorio municipal de Vilalba ata a 16 de setembro, de luns a venres de 16:00 a 22:00.

A segunda mostra é *Sentires*, de Eva C. García. Trátase de 21 debuxos de

animais, imaxes icónicas ou caras de familiares e veciños e poderá verse na casa da cultura ata o 17 de setembro en horario de apertura do local.

Finalmente abriu a mostra *Tal como eramos*, fotos para o recordo-x edición. Consiste en 210 fotografías do pasado século, de temática variada e repartidas en 35 paneis que poderá visitarse no auditorio municipal ata o 30 de setembro, de luns a venres de 16:00 a 22:00 horas.

ELECTRICIDAD

MONCHO SANTOME

TRAÍGANOS SU FACTURA DE LUZ
EL 97% DE LAS PERSONAS QUE NOS TRAE SU FACTURA DE LA LUZ CONSIGUE AHORRAR

- Instalaciones eléctricas en general
- Líneas de media y baja tensión
- Antena TV
- Instalación voz y datos
- Instalaciones de energía solar
- Tienda de material eléctrico
- Lámparas

Telf. Oficina y Tienda 982 512 444 - Vilalba
 monchoysantome@yahoo.es
 www.monchoysantome.com



ÚLTIMAS VIVIENDAS DE 97 A 112 m²



Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

982 512 444 - 659 080 853 - www.folgueirasinversiones.com

O PP acusa ao Concello de negligencia no funcionamento dos servizos públicos

Critican que non se puxeran en marcha os Madrugadores, o comedor da EEI, o contrato da recollida de lixo ou as axudas a autónomos pola covid

O voceiro do Partido Popular no Concello de Vilalba, Agustín Baamonde, acusou ao Goberno local de "neglixencia" no funcionamento dos servizos públicos. O popular fixo referencia á situación do comedor da Escola Infantil, comprometido antes do verán, e do servizo de madrugadores, "todo o mundo sabe que son dous servizos que teñen que funcionar dende o primeiro día, moi necesarios para a conciliación pero empeza o curso e non están listo nin o un nin o outro".

Os populares de Vilalba lamentan "o prexuízo que lles causan ás familias que o goberno local non sexa capaz de poñer en marcha o servizo Madrugadores, un recurso fundamental para a conciliación, a poucos días de iniciar o curso escolar 2021/2022".

"É vergoñento que as familias teñan que buscar, á última hora e ás présas, outros recursos para compatixar o seu horario de traballo co horario dos centros escolares vilalbeses a onde acoden os seus fillos e fillas", manifestan.

Ademais, indican dende o PP de Vilalba que "as ludotecas están pechadas e os pais e nais que facían uso deste servizo para conciliar non poden dispoñer deste tipo de recurso". "Cando o Concello debe ser unha administración que favoreza a prestación de servizos aos veciños e veciñas; este goberno convérteo nunha fonte de problemas para as familias. Os vilalbeses e vilalbesas estanse acostumando á incerteza xerada pola falta de eficiencia do goberno socialista porque, lamentablemente, esta situación non é nova", manifestan.

OUTROS ASUNTOS PARALIZADOS.

O voceiro fixo referencia a unha serie de accións e necesidades de Vilalba "das que nada se sabe aínda". Así, volveu indicar Baamonde que as axudas prometidas ao sector hostaleiro seguen sen redactarse e concederse, cando foran un tema aprobado en pleno.

Tamén chamou a atención sobre o contrato do lixo "finalizado o 30 de setembro do ano pasado e que ao

non terse nin prorrogado nin licitado, está funcionando pola vía de feito nunha clara situación de ilegalidade.

"No pleno do ano pasado a alcaldesa prometera que se iniciaría o proceso para a contratación do servizo e seguimos como estabamos nunha situación de ilegalidade manifesta". "A consecuencia é que os tempos no concello teñen carácter eterno, eso trae como consecuencia problemas para os cativos no comedor, madrugadores e non falemos de comerciantes e autónomos", explicou o ex alcalde de Vilalba.

SITUACIÓN NA MADALENA.

Os populares criticaron tamén a negligencia do Concello "á hora de solucionar o problema que ten o río cada vez que se produce unha tormenta".

Segundo lembra o concelleiro na oposición, o río recibe un aluvión de auga suxa porque a depuradora non é capaz de procesar a avenida de auga e verte ao río. Este problema atoría a súa solución se se instalase



Comedor da Escola Infantil

un tanque de tormentas.

"Censuramos ao equipo de Goberno porque aínda que non creou o problema, convertiron nun tema fundamental da súa campaña o cambio da depuradora rexeitando de plano a idea de tanque de tormentas. Facer unha depuradora nova é unha quimera e innecesario xa que agora mesmo a depuradora está dimensionada de sobra para atender a toda a poboación de Vilalba e os verquidos ao río en momentos de tormenta poden solucionarse doutro xeito", explicou Baamonde.

Segundo explica, "costaría arredor de 12 millóns de euros facer unha nova, cartos que o concello non ten e Augas de Galicia non investirá neso cando a que hai funciona ben e é apropiada pero si podería facer-

se un tanque de tormentas.

Para Baamonde esta acción é máis importante á hora de investir que a construción dun parque acuático novo en Vilalba "cando xa tiñamos un que funcionaba perfectamente". "O máximo responsable da Confederación estivo en Vilalba nestes dous anos polo menos tres veces e non trouxo para a vila máis que un pequeno investimento para a retirada de árbores", engadiu.

"Nosotros temos manifestado reiteradamente que o parque acuático funcionaba extraordinariamente ben, tiña un uso intenso, sempre abarrotado cunha capacidade de 300 persoas. É un despropósito e algo que nos chama a atención que conseguiran cartos da Deputación para facer un parque acuático e non para arranxar a situación do río.

HR

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Familias das Pontes contratan un autobús para os alumnos que estudan en Ferrol

Un grupo de pais das Pontes contrataron un autobús que unirá a localidade das Pontes con Ferrol para o transporte de estudantes en xornada lectiva.

O bus sairá de luns a venres das Pontes ás 7.30 horas co Parada en Pena de Eiriz ás 7.45. A previsión é chegar a Ferrol ás 8.30 horas parando nos distintos centros. O regreso será de 14.30 a 14.45 horas.

As persoas que queiran sumarse a este servizo recibirán información no teléfono 611 066 560. O servizo está dirixido a toda a poboación escolar que ten que desprazarse diariamente a Ferrol dende As Pontes.

EN BREVE

MÚSICA. A Banda-Escola das Pontes abriu estes días o prazo de matrícula para o novo alumnado para o curso que dará comezo no mes de setembro. Este grupo imparte clase de Iniciación á Música, unha formación gratuíta dirixida a nenos e nenas de entre 3 e 5 anos e que constitúe o paso previo a comezar a tocar un instrumento con 6 anos. A formación consta dunha clase de 45 minutos á semana. As persoas interesadas poden inscribirse no teléfono 696 264 627 ou nas redes sociais da banda escola.

CICLOMOTORES. A unidade móbil de inspección técnica de ciclomotores estará o 19 de outubro no Concello das Pontes, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre 9:00 e 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas. A unidade estará situada no círculo Karts-Paseo Constitución. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

A auxiliar Maessa, que traballa en Endesa, presenta un ERE

A dirección da empresa Maessa presentou un expediente de regulación de emprego (ERE) extintivo para os 43 operarios do centro de traballo, situado na central térmica de Endesa das Pontes.

Maessa é a empresa auxiliar que ten o contrato de mantemento integral da central térmica de Endesa e onte tiveron unha reunión para falar do ERE.

O presidente do comité de empresa, Miguel López Roca (CCOO), informou que agora ábrese un período de consultas durante un mes, no que, tal e como sinalou o obxectivo “é manter os postos de traballo”.

O sindicalista protestou pola “falta de claridade por parte de Endesa”, unha situación que asegura “afecta á súa empresa tendo en conta que



Entrada dos sindicalistas á reunión con Endesa

a compañía eléctrica non comunica que tipos de traballos recórtanse”. Reclaman a Endesa que “clarifique a situación e os prazos que manexa”. “Non pode estar con prorrogas de contrato dun mes a unha auxiliar que ten case medio centenar de traballadores”, afirmou

López Roca.

O representante sindical asegurou que na central térmica “segue habendo traballo” polo que “é necesario que se asine un compromiso para o desmantelamento. Pero Endesa non se pronuncia e así non podemos continuar”, sentenciou.

Organizan un curso de márketing dixital para desempregados

O Concello das Pontes, xunto a Fundación Paideia, a Deputación da Coruña, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo; a Escola de Organización Industrial e a Asociación Seara van desenvolver un curso gratuíto de Márketing Dixital, empregabilidade e cooperativismo, e no que participarán 20 mozos e mozas, menores de 30 anos e en situación de desemprego.

Este obradoiro, que arrincará o 17 de setembro, desenvolverase de luns a venres, en horario de 10.00 a 14.00 horas nas dependencias da Casa Dopeso, e contará con 250 horas de formación, entre clases grupais e titorías individualizadas, coas que se buscará que os rapaces e rapazas participantes poñan en marcha proxectos de cooperativismo no sec-

tor do márketing dixital.

Onte, o alcalde das Pontes e tamén presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso; xunto co vicepresidente da Fundación Paideia, Guillermo Vergara; e o presidente da Asociación Seara, José Castro, presentaron esta nova acción que tamén se desenvolverá, de xeito simultáneo, no Concello de Boiro.

González Formoso agradeceu o papel das diferentes administracións involucradas no proxecto e apuntou que, mediante este curso, “daráse unha oportunidade a aqueles e aquelas que teñan unha idea no ámbito dun sector tan puxante como é do márketing dixital”.

O primeiro edil fixo tamén un chamamento á participación da veciñanza nesta oportunidade que califi-

cou de única para os mozos e mozas que desexen apostar polo emprendurismo neste sector.

Pola súa banda, Guillermo Vergara explicou que se trata dunha oportunidade única para a mocidade xa que non é precisa unha formación previa. O vicepresidente da Fundación Paideia deu conta das dúas fases nas que se dividirá esta iniciativa: a primeira, que se desenvolverá ata o 17 de decembro, contará con formación intensiva na materia e ata poñencias de exitosas experiencias coma a do restaurador de Carril, Iago Pazos, do Loxe Mareiro, que afondará na importancia do márketing dixital para un negocio coma o que rexenta, ou Alberto Rodríguez Boo, director de Aldá Hoteles.

Críticas ao Goberno municipal de “abandono das súas responsabilidades”

Os nacionalistas do Concello das Pontes acusan ao Goberno de “contaxiarse do abandono manifesto do resto das administracións, estatal e autonómica, que estamos a padecer nas Pontes, do que sobran evidencias: o peche da central sen alternativas, os traslados fóra das Pontes do persoal de Endesa, os despedimentos nas auxiliares, os enganos aos transportistas do carbón, a perda de especialidades no Centro de Saúde, a eliminación dun aula de Infantil no CEIP Santa María, etc”.

Consideran un exemplo claro desta situación da OMIC, servizo municipal que viña prestando o Concello dende vai máis de 30 anos, “dos máis demandados e valorados, tamén polos concellos veciños, pola defensa firme e constante que desempeñaba dos dereitos e intereses individuais, nomeadamente diante das grandes compañías eléctricas, bancarias, financeiras, de telefonía”. Afirman que dende comezos do mes de xullo o servizo deixou de funcionar “por non ter atendido o goberno municipal a xubilación da persoa responsable; a OMIC máis próxima está en Ferrol”. Tamén fan referencia ao servizo municipal de Deportes, “que vén gastando uns 2 millóns de euros ao ano -que inclúen a dedicación exclusiva do concelleiro delegado-, e que foi merecedor, xunto a outros 67 Concellos da Coruña, dunha subvención do ente provincial para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de Deporte en 2021; segundo as bases da convocatoria, a duración temporal máxima do contrato subvencionado será de 12 meses ..., con data límite de remate no 30 de abril de 2022”, engaden. Critan que logo de 3 meses da resolución a praza está sen convocar, o contrato non será de 12 meses, e o Concello non poderá xustificar os 15.000 euros da subvención; “todo un exemplo de boa xestión e de dedicación (exclusiva, claro)”.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

En marcha un grupo xuvenil de voluntariado medioambiental

Un grupo de voluntariado xuvenil, en materia de medio ambiente, comezou a funcionar co obxectivo de formar á xuventude, dun xeito colaborativo e divertido, para que coñezan de primeira man o patrimonio natural da vila e aprendan a valoralo e respectalo.

Tania Pardo, responsable da área de Educación e Xuventude, sinala que “desde o Concello levamos anos promovendo un novo modelo de xogo para a infancia, alonxado das pantallas, centrado no disfrute do lecer ao aire libre, esencial para o benestar físico e mental, aínda moito máis en tempo de pandemia e confinamentos. Este programa danos esta opción e ademais permítenos implicar á xuventude na procura dos obxectivos da Axenda 2030, convertíndoa nunha ponte coa veciñaza e así conquistar a necesaria participación da poboación da nosa vila”

O grupo de voluntariado está conformado por 7 adolescentes, con idades comprendidas entre os 16 e 18 anos, e as actividades arrincaron cun proxecto de recollida selectiva de refugallos nos dous centros de secundaria do municipio.

Así, os voluntarios e voluntarias en-



Rapaces traballando no grupo de voluntariado

cargáronse de recoller os envases dos produtos consumidos nos tempos do recreo e que poidesen ser empregados en proxectos artísticos, tales como botellas, latas de refrescos ou vasos de cartón. Tamén foron responsables do proceso de clasificación e almacenamento dos materiais de refugallo e de animar aos seus compañeiros e compañeiras a participar no proxecto.

Con estes materiais, durante os últimos días do mes de xuño, levouse a cabo un obradoiro de creación de xoguetes, actualmente expostos na Casa Dopeso, e a través dos que se incide na importancia de consumir reponsablemente e ser respectuo-

sos co medio ambiente e a sociedade.

Por outra banda, durante as fins de semana do mes de xuño, o grupo de voluntariado participou en catro roteiros, de especial interese medioambiental, guiados por monitores expertos en materia medioambiental, que lles permitiron coñecer a fauna, flora e as características da paisaxe e patrimonio natural.

Así mesmo, os voluntarios ambientais, axudaron na montaxe da exposición organizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente e que foi instalada nos institutos da localidade.



O alcalde e o concelleiro de obras, visitando os traballos

Avanzan na ampliación da estrada que vai a Veiga de Cabana

Continúan a bo ritmo as obras de ampliación e mellora da estrada provincial DP 1802 de Veiga de Cabana a As Pontes, que contan cun orzamento de 1.131.656,47 euros, con cargo a Deputación da Coruña. As obras, prevese que estarán rematadas a principios de 2022.

O proxecto permitirá anchar e mellorar a seguridade do vial ao seu paso polos núcleos de Goente, A Faeira e San Pedro de Eume, un tramo de preto de 9 quilómetros no que a plataforma será ampliada ata os 7 metros de ancho e arcéns

de medio metro. Nos primeiros 281 metros da estrada, executarase unha senda peonil elevada de dous metros de ancho que discorrerá pola marxe esquerda da calzada. As obras incluírán tamén a construción dunha pequena variante para eliminar os puntos máis perigosos do trazado, un sistema de drenaxe e recollida de pluviais, a completa renovación do pavimento da estrada e a instalación de nova sinalización horizontal e vertical. As obras completas a actuación levada a cabo no núcleo de Ribadeume.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Rematan o día 11 as visitas turísticas guiadas



Presentación das visitas turísticas das Pontes

As Pontes rematará o próximo día 11 de setembro coas visitas guiadas polos puntos chave do seu patrimonio. Estes rutas celébranse durante catro sábados e xiran arredor da Vila (o casco antigo) e do patrimonio industrial.

As rutas guiadas comezan ás 12 horas e teñen unha duración aproximada de hora e media. A primeira delas percorre a vila e a súa historia. Comeza na praza do Hospital, seguindo pola rúa Real, e remata na ponte de Isabel II. Realízanse paradas explicativas nos murais que forman parte do proxecto As Pontes EnPezas ubicados na zona, na igrexa da Santa María ou no al-

bergue de peregrinos. Aproveítase a visita para falar da figura de García Rodríguez de Valcarce e a súa vinculación coa Vila. Esta visita podería desfrutarse tamén o próximo sábado 28 de agosto.

O día 4 tivo lugar a segunda, que se repetirá o 11, último día, Percorre esta o Patrimonio Industrial. Iníciase no Lago das Pontes, onde se pode observar a rotapala ou percorrer a Senda da Memoria. Logo, realízase unha visita exterior á Central Térmica e á de Ciclos Combinados e finaliza no poboado das Veigas, onde se poderá coñecer máis de preto elementos como a Igrexa do Poboado ou o Conservatorio.

O Pleno aproba un orzamento de case 15,3 millóns de euros

O Pleno do Concello das Pontes aprobou durante unha sesión extraordinaria, cos votos a favor do PSOE, a abstención do BNG, do PP e de Xuntas polas Pontes En Común, o orzamento xeral para o ano 2021, que ascende a 15.273.091,99 euros, así como o cadro de persoal, as bases de execución do propio orzamento, o plan económico financeiro, o estado de previsión de movementos, a situación de débeda e a liquidación do orzamento de 2020.

Os gastos previstos para a compra de bens correntes e servizos ascenden a 7.029.871 euros, o que supón o 46,03% do orzamento, correspondendo 2.731.598 euros a servizos públicos básicos tales como seguridade e mobilidade cidadá, vivenda, urbanismo, medio ambiente e servizos como a recollida de residuos urbanos sólidos.

1.706.726 euros corresponden a actuacións en materia de protección e promocional social coma o servizo de axuda no fogar, o programa de emerxencia social, as axudas para os estudos ou os programas de atención temperá, entre outros.

Preto de 1,4 millóns de euros irán destinados a actuacións en mate-

ria de sanidade, educación, cultura, deporte e tempo de lecer mentres que algo máis de 787.000 euros irán dedicados a actuacións de carácter xeral tales como transporte, infraestruturas ou comunicacións.

O orzamento aprobado inclúe unha partida de 1,7 millóns de euros destinados a subvencións para a realización de actividades de interese educativo, cultural e /ou deportivo, para as asociacións veciñais así como as relativas a emerxencia social, ensino e achegas do Concello das Pontes a outras entidades como son a FEMP, a FEGAMP ou a FAEPAC así como a asignación aos grupos políticos e outras axudas.

ÁREAS DE GASTO. O orzamento aprobado pola corporación municipal divídese en cinco grandes áreas de gasto, que establece os obxectivos e finalidades que persegue o grupo de goberno para o ano 2021. Así, 3,9 millóns de euros irán destinados aos servizos públicos básicos, de obrigada prestación por parte do Concello e dentro dos que se engloban servizos como a seguridade e a mobilidade cidadá, a luz, o servizo de abastecemento e saneamento,

o servizo de recollida de lixo e tratamento de residuos sólidos urbanos ou o mantemento de parques, zonas verdes e o lago, entre outros.

As actuacións en materia de protección social e promoción social terán un orzamento 2,7 millóns de euros. Todos aqueles gastos que realizan en materia de sanidade, educación, cultura, deporte, lecer e tempo libre englobáanse dentro da área de gasto de produción de bens públicos de carácter preferente e ten unha dotación orzamentaria que rolda os 3,7 millóns de euros. Por outra banda, todas aquelas actuacións económicas, dirixidas a potenciar os distintos sectores de actividade así como os gastos en infraestruturas básicas e de transporte, infraestruturas agrarias, comunicacións, investigación ou desenvolvemento e innovación terán unha consignación no orzamento que rolda os 1,5 millóns de euros. Para gastos xerais irán 3,4 millóns de euros. Maite Méndez subliñou que no capítulo dos investimentos que están previstos realizar durante este exercicio polo Concello das Pontes, algo máis de 700.000, permitirán acometer diversas obras tanto no ámbito rural como no urbano.

Abre o prazo de inscrición das escolas

Xa está aberto o prazo de matrícula nas escolas municipais culturais para o curso 2021-2022. Ata o día 14 de setembro, poderá solicitarse a renovación de praza.

Como novidade, este ano a inscrición deberá realizarse, preferentemente, de forma telemática a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/procedimientosytramites/tramites/Solicituddeinscripcionescuelasmunicipalesculturalesetc.html>)

Aquelas persoas que non dispoñan de medios ou coñecementos para realizar a inscrición online poderán descargarse os impresos na páxina web municipal ou acudir ao Depar-

tamento de Cultura, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas, onde se lles facilitarán os impresos de solicitude de matrícula. Unha vez cubertos e asinados poderán presentalos no mesmo departamento ou a través do correo electrónico (cultura@aspontes.org).

Recibida a solicitude de matrícula esta será revisada pola administración e notificarase electrónicamente ou por correo electrónico ao alumnado a confirmación da praza e horario, a taxa a pagar así como o prazo de pago.

Unha vez rematado o prazo de inscrición do alumando matriculado no curso 2019-2020, o listado de prazas

vacantes exporase, o día 22 de setembro, no tabulario de anuncios do Departamento de Cultura, e abrírase o prazo de incrición, do 23 ao 29 de setembro, para o alumnado de novo ingreso. A solicitude deberá realizarse, preferentemente, de forma telemática a través da sede electrónica do concello.

A adxudicación destas prazas farase de forma directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles ou por sorteo público, que se celebrará o 1 de outubro, ás 10:00 horas, no Salón da Casa Dopeso, no caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles.

Xa se poden recoller os vales coas axudas de material escolar

Segundo as bases reguladoras específicas das axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos/as para o curso 2021/2022, trala resolución de concesión da axuda económica, as contías serán aboadas mediante a entrega dun vale indivisible e canxeable polo dito material escolar, as persoas solicitantes propostas como beneficiarias.

Deste xeito, a persoa beneficiaria acudiría ás oficinas de Servizos Sociais (2º andar da Casa Dr. Dopeso) para retirar o vale da axuda concedida, ata o 21 de setembro, dende as 9:00 ás 13:00 horas.



O vale poderá ser canxeado polos libros, material escolar ou material informático, nos establecementos e entidades colaboradoras que teñan asinado convenio de colaboración co Concello das Pontes polo importe que figura no documento, antes do 30 de outubro de 2021.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS Y BANQUETES

La Casilla

Especialidad en almejas y chuletón

GUITIRIZ 982 37 01 88

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES zona para Boda Civil www.lacasilla.es

- CONSULTA XERAL
- MEDICINA INTERNA
- VACINACIÓN
- DESPARASITACIÓN
- MICROCHIP
- CIRURXIAS
- ANÁLISES CLÍNICAS
- LIMPEZAS DENTÁIS
- PERRUQUERÍA
- VENTA DE PENSOS E COMPLEMENTOS
- CONSULTA A DOMICILIO

CENTRO VETERINARIO A Piringalla

Angelo Colocci 25, baixo - Lugo
982 809 526 - 628 100 752
contacto@veterinariapingalla.es
www.veterinariapingalla.es
Centro Veterinario A Piringalla

CAMPAÑA DE VACUNACIÓN DE SETEMBRO
de regalo unha pastilla interna de desparasitación

O lago, un destino para o turismo

As Pontes desenvolveu este verán unha serie de infraestruturas para impulsar esta contorna, que foi recoñecida coa bandeira azul



Unha vista do lago das Pontes e, á dereita, o novo tramo da Senda da Memoria dedicado aos lugares e ás xentes de Vilabella

A praia do Lago das Pontes contou este ano por primeira vez, desde a súa inauguración no ano 2012, cunha bandeira azul, galardón que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac) e que recoñece a calidade ambiental do areal pontés. Este recoñecemento significou un respaldo ao traballo realizado polo Goberno local por impulsar esta contorna.

Elena López, concelleira de Turismo, amosou a súa satisfacción pola obtención deste recoñecemento e o compromiso que supón “de manter uns estándares de calidade baseados nun estrito criterios ambientais, educativos, de seguridade e accesibilidade que supoñen unha garantía

para toda a veciñanza e para as persoas visitantes que se achegan ata a praia do lago”.

Elena López, avanzou que “a partir deste concesión, a praia do lago de As Pontes deberá someterse a un esixente protocolo de seguimento e avaliación. Desde o Concello das Pontes levaremos a cabo todas as actuacións necesaria para cumprir con todos os requisitos que esixe a Adeac para manter este distintivo que avala a importancia de potenciar o noso lago como recurso turístico e os valores medio ambientais do noso municipio”.

DOTACIÓNS. O Concello fixo unha intensa labor de dotación de ser-

vizos públicos na praia do Lago, un proxecto financiado pola Deputación da Coruña.

O proxecto consistiu na instalación de catro módulos prefabricados, de 14,75 metros cadrados cada un, dous dedicados a baños e ducha e dous a kiosco-bar e dúas plataformas con ducha para, deste xeito, avanzar no acondicionamento integral do lago.

A través da instalación destes módulos ofrécese un maior servizo á veciñanza, acorde coas súas necesidades, substituindo os baños químicos por unha instalación permanente, sostible, resistente, durable e acorde coa contorna do lago. Os outros dous módulos replazaron aos kioscos existentes.

Estas actuacións súmanse ás xa executadas anteriormente para dotar ao lago dunhas comodidades e melloras para convertilo nun lugar de ocio apropiado para todas as idades. Entre elas destacan a creación dunha rede de electricidade, de saneamento así como de abastecemento de auga para dar servizo aos módulos prefabricados e ao conxunto da praia do lago das Pontes.

Por outra banda, dotouse á praia do lago dun servizo de saneamento que permite a recollida de augas fecais, a través da instalación dunha estación de bombeo e a execución dunha canalización ao longo de toda a praia. Polo que respecta á rede de abastecemento, acometeuse tamén unha nova instalación, a partir do punto de información turística, para continuar coa canalización existente e, deste xeito poder levar o servizo de auga potable ata a zona de praia. Estes traballo tamén incluíron a instalación de bocas de rego, de unións de tramos, de válvulas de comporta para illar tramos da rede e das acometidas precisas.

PISTA MULTIDEPORTIVA. O Lago das Pontes conta cunha pista de area destinada á práctica de múltiples disciplinas deportivas. Con esta actuación, a contorna do lago segue ampliando o seu completo aproveitamento deportivo.

Cun orzamento de 47.723,56 €, que proveñen dos fondos propios do Concello, a pista deportiva ten un perímetro de 41x34 metros e unha superficie dunha capa nivelada de 40 cm de espesor de area fina. Estas características permiten que se adecúe á normativa establecida para todas as disciplinas deportivas que se pretenden realizar sobre este terreo de xogo. Esta pista localízase no espazo sur da zona recreativa do lago co obxectivo de que sexa compatible coa realización doutras actividades e eventos deportivos que xa

se veñen disputando anualmente no Lago. O emprazamento permite tamén unha correcta interrelación cas persoas usuarias da praia. A execución desta instalación deportiva de area responde á demanda de diferentes entidades deportivas de contar cun espazo ao aire libre que permita desenvolver competicións e adestramentos destas disciplinas sobre area. Rugby, voleibol, balonmán ou fútbol son os deportes aos que está dirixido principalmente este novo espazo.

Esta área multideportiva estreñouse co Beach Rugby 5 Vila Das Pontes. Este torneo trouxo o mellor rugby praia internacional con máis de 250 deportistas de equipos de toda España, Portugal ou Francia, tanto en categoría feminina como masculina.



Arriba, a praia e abaixo, a pista multideportiva

Abre un novo tramo da Senda da Memoria

O Concello das Pontes abriu un novo tramo da Senda da Memoria que foi bautizado como Tramo da Vilabella en homenaxe aos lugares e ás xentes que alí viviron antes de que a explotación mineira comezase a súa actividade.

Este novo tramo ten un percorrido de 1,5 quilómetros e vai desde a entrada do Lago cara á esquerda, chegando ata a canle de exceda do río Eume. Colocáronse bancos ao longo do itinerario e instalouse un panel interpretativo da antiga rotopala, que se pode apreciar desde a

propia senda.

Desde o Concello lembran a importancia de levar os cans atados e de respectar o medio xa que a canle de exceda é zona de cría de aves e anfibios polo que estamos a falar dun espazo de vital importancia para a preservación da biodiversidade.

A concelleira de Turismo, Elena López, convida a todos os veciños, veciñas e visitantes a “que se acheguen ao Lago para redescubrir un lugar chave do patrimonio industrial do pasado da nosa vila e que ten un gran valor medioambiental no presente”.

Unha discutida volta ás aulas

Educación presentou un avance do novo plan para este curso, moi criticado por incrementar as ratios e reducir profesorado de novo

Chegado o mes de setembro, os colexios comezan a súa actividade despois da experiencia adquirida o curso académico pasado e, segundo a Xunta, con máis seguridade grazas ao avance da vacinación. De feito, o alumnado maior de 12 anos terá a pauta de vacinación completa na semana do 13 ao 19 de setembro que, xunto ao profesorado xa inmunizado, iniciarán un novo ano escolar.

Dende a Xunta sinalouse que será preciso revisar as diferentes medidas impostas dependendo da evolución da vacinación e do avance da situación sanitaria.

Así mesmo, tamén se sinalou que os membros afectados pola covid no curso pasado foi dun 3,7% do total de integrantes da comunidade educativa, por debaixo do conxunto da poboación galega. Considérase, por esta razón, que o protocolo e que os sistemas de prevención foron efectivos e lograron que o curso avanzara correctamente.

Sen embargo, algo que denuncia a Xunta é o feito de que non se estean dando axudas necesarias para facer fronte aos custos que a pandemia supón para as comunidades autónomas. A contratación de docentes, así coma o reforzo do servizo de limpeza son algúns dos exemplos que poñen dende a Xunta e que supón un sobre custo importante.

Por outro lado, hai que lembrar que neste novo curso educativo continuará en funcionamento o Comité Educativo, no que se atopan membros e expertos da comunidade escolar que avalían e toman decisións sobre aspectos educativos relacionados coa ensinanza no marco da pandemia. A pesar disto, as ratios e as distancias de seguridade son cuestións postas polo Goberno central e, segundo defende a Xunta, Galicia -xunto con Extremadura- ten a mellor ratio alumno/profesor de España -9,2 fronte ao 11,3 que existe de media estatal-.

En canto aos docentes, dende a Xunta anunciaron que chegarán 1.250 de reforzo a través do Plan Recupera e, de feito, afirman que o persoal laboral destinado ao desenvolvemento de dito plan son máis ca o ano pasado. Continúan explicando que dende o Ministerio de Educación e FP diminuíron a axuda para o programa PROA -Plan de Reforzo, Orientación e Apoio-, e que, sen embargo, engadiranse os docentes que sexan precisos para o cumprimento das medidas sanitarias.

O obxectivo de este programa, segundo a Xunta, é detectar as necesidades de aprendizaxe xeradas a partir da pandemia, así coma mellorar o rendemento académico a través de recursos didácticos pedagóxicos para o traballo docente. Ademais, recordaron que os centros educativos puideron solicitar dito plan a través dunha convocatoria realizada no mes de xuño. Por esta razón, no mes de setembro resolverase para que os 1.250 docentes poidan incorporarse aos centros educativos.

REFORZO EDUCATIVO

Sen embargo, moitas das cuestións reflexadas pola Xunta non se comparten dende o BNG de Galicia. Así pois, consideran necesario reforzar o sistema educativo e consideran que os recortes da ensinanza pública corresponden a unha "decisión ideolóxica" do Goberno do PP da Xunta.

Así mesmo, defenderon que este curso estará marcado pola pandemia, polo que consideran necesaria a contratación de mil docentes máis ca o ano pasado. Ademais, sinalan que é preciso reducir as ratios a 20 escolares en infantil e primaria e a 25 en secundaria.

De feito, estas son medidas que esixiron despois de denunciar que o PP "pretende recortar máis de 1.600 profesores e profesoras no ensino público como confirma o DOG e a propia Xunta de Galiza. En Secundaria, a falta da publicación definitiva do CADP -Concurso de adxudicación de destinos provisionais-, sabemos que a inspec-



ción e as xefaturas territoriais xa comunicaron aos centros a perda dun total de 435 profesores a respecto do curso pasado".

Ademais, lembrouse o peche de centros de ensino públicos dende o ano 2009 -138 en total-. Por esta razón, o BNG lamenta o incremento de financiamento de ensino

privado e recorte na educación pública.

Por outra beira, non faltan as voces críticas que urxen os protocolos sanitarios definitivos porque consideran que son precisos para coñecer a situación das actividades extraescolares, así coma do comedor e doutras cuestións.

As esixencias dos sindicatos

Non faltan as voces que poñen en dúbida as novas medidas da Xunta para o curso que comeza.

COMISIONS OBREIRAS

Así pois, a Federación do Ensino de CCOO de Galicia considera un erro o "relaxamento" das medidas covid nas aulas da comunidade. De feito, dende o sindicato denuncian que "é un corta e pega do protocolo do 4 de novembro do ano pasado, pero empeorado".

Un dos cambios é o da distancia social, algo que non defenden xa que o consideran coma unha forma de aumentar ratios, diminuír o emprego e aumentar a inseguridade nas

aulas e, de feito, enténdeno coma un "criterio economicista".

Desta forma, sinalan que é preciso a contratación de máis persoal docente xa que o ano pasado foi "insuficiente, especialmente en infantil e primaria". Ademais, reclaman un maior número de persoal de limpeza para reforzar a seguridade e conseguir unha ensinanza segura e de calidade.

CIG ENSINO

Outro dos sindicatos que deu a coñecer a súa posición en relación a estas medidas de prevención no ámbito da ensinanza foi a CIG Ensino que defende que, despois de

coñecer a situación e da experiencia do ano pasado, "estas decisións non responden a criterios científicos".

Así pois, consideran que a redución de distancia social é un problema xa que os casos aínda son altos e, sobre todo, na mocidade. De feito, a CIG Ensino e CCOO concordan en que reducir o distanciamento é unha forma de aumentar o aforro nas aulas e, desta maneira, reducir o profesorado e con el, o investimento en educación. Cualifican de "falacia a afirmación do conselleiro de Educación de que as aulas galegas teñen as ratios máis baixas do Estado". Ademais, critican "ese xogo de trileiros de usar ratios medias sen ter en conta a dispersión xe-

gráfica e a alta incidencia de centros educativos no rural".

Por outra beira, consideran que o que se debe de facer en infantil e en primaria é "limitar ao máximo as ratios e, como mínimo, manter todos os desdobres autorizados no curso pasado, así como as contratacións de profesorado e apoio necesario". Desta maneira tamén denuncian que coa pandemia é unha agresión ao ensino público ter que pechar aulas e reducir docentes.

Animan á comunidade educativa a denunciar os recortes que se están a producir e a esixir o mantemento dos cadros docentes en todas as etapas educativas, así coma non superar as ratios do curso pasado.

MAESTRO IMAN
VIDENTE AFRICANO
ALTA EXPERIENCIA
Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...
SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido
651 44 11 86

ATA TABERNA
DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACCIONES
LOS REVUELTOS DE BARRIL ALCO PICAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCO COMPARTIR TAPAS
T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

Medidas para o curso escolar 2021/2022

Os colexios de infantil e primaria en Galicia continuarán co protocolo anticovid que se centrará en varios puntos fundamentalmente.

En primeiro lugar, as máscaras continúan sendo obrigatorias en todo momento a excepción do momento da merenda, na que os alumnos e alumnas poderán sacala para comer. Así mesmo, deberán de levar unha máscara de repostos.


En canto á distancia persoal, os nenos e nenas de infantil e de primeiro a cuarto de primaria non contarán con ela debido a que se dividirán en grupos burbulla, nos cales non se poderán mesturar con outros. Ademais, non haberá máis de 25 alumnos e alumnas por aula. No caso de quinto, sexto de primaria e secundaria é diferente e existe variación en relación ao ano pasado e, neste caso, si que ten que existir distancia persoal. Esta baixará de 1,5 a 1,2 metros polo que o alumnado dentro da aula aumentará sen poder superar os 30 alumnos.

Así mesmo, será fundamental a ventilación antes da chegada dos estudantes e despois durante 15 minutos, priorizando sempre a ventilación natural. Tamén seguirá sendo preciso hixienizar frecuentemente as mans -no caso dos menores de 6 anos será preferible que esta práctica se realice con auga e xabón, mentres que no resto de casos terán que realizalo con xel que deberán levar da casa-.

A presencialidade será máxima para todos os niveis e etapas. Tan só se podería pasar a semipresencialidade no caso de que aumente o nivel sanitario no Concello e non se poidan levar a cabo as medidas sanitarias correspondentes. Ademais, esta situación só sería posible a partir de terceiro da ESO. No caso dos pais,

nais ou titores legais será prioritario a comunicación telemática -tan só no caso de que o profesorado ou o equipo directivo o considere, se poderá facer presencial-.

No caso do comedor e do transporte escolar serán servizos que se manterán e, en relación ao segundo, os asentos asignaranse fixos para todo o curso escolar. Por outra beira, outra diferenza en canto ao ano anterior é a posibilidade de compartir obxectos sempre e cando se limpen despois de cada uso.



A entrada e a saída do alumnado realizarase por accesos diferentes -se é posible- e por etapas educativas para que existan as mínimas aglomeracións. No caso de que isto non se poida levar a cabo, será preciso que existan diferentes quendas. No caso do recreo, permitirase proximidade entre alumnos e alumnas de clases diferentes pero que sexan en todo momento do mesmo ano.

Por outro lado, no caso de que exista un caso sospeitoso de virus haberá que apartalo a un espazo de emprego individual. Se é un adulto e se atopa ben irase ao seu domicilio e, no caso de que se trate dun escolar, chamarase á familia e esta terá que contactar co centro de saúde ou cun teléfono de referencia.

Hai que destacar que estas medidas poden variar durante o ano académico a causa da situación epidemiolóxica.

AS OPINIÓNS DOS CENTROS

Nos centros educativos a situación segue a preocupar porque os centros aínda non teñen claro como haberá que desenvolver o curso que da comezo. As normas da Xunta, igual que o ano pasado non son moi claras e moitos centros están pendentes aínda de desenvolver unha normativa que se corresponda co centro.

COLEXIO TERRA CHÁ

Situado na parroquia vilalbesa de Román, este centro inicia o curso "coa tranquilidade que nos dar ter superado o ano pasado aínda que con firmeza porque seguimos vixilantes co virus".

A dirección do centro, a cargo de José Manuel López Barrio, explica que as medidas que se están a tomar este ano para loitar contra o virus nas aulas "son semellantes ás do ano pasado con poucos cambios, cambios que pola nosa estrutura xa tiñamos implementados do ano pasado". Explica que volve a interacción entre pequenos "algo que é fundamental e beneficioso para o rapaz e que xa vimos que funcionaba o ano pasado". De feito, no centro non se tomarán medidas distintas ás realizadas no resto de Galicia. "Nós xa tiñamos un grupo burbulla todo Infantil e puidemos traballar moitas cousas que non te permite o espazo en centros de vilas grandes, "ter un alumnado reducido axudounos moitos nestas cuestións".

Respecto a este particular, López Barreiro considera que o profesorado do que disporán este ano será suficiente. "Mantemos os mesmos profesores que tiñamos o ano pasado e os mesmos que había tamén antes da pandemia, algo que creo que se está repetindo en todos os centros da contorna. O director aludiu aos distintos programas aos que poden acudir os centros para ampliar o seu profesorado, "mantemos os mesmos profesores e eso que o alumnado descende a nivel xeral en toda Galicia.

Sobre as actividades extraescolares e complementarias, o colexio espera o inicio do curso para coñecer a postura do Concello, que é quen se encarga desta función. "pero entendemos que poderemos realizalas xa que a Xunta establece un protocolo para as mesmas".



COLEXIO VIRXE DO CORPIÑO

Un dos colexios que cambia este ano é o Virxe do Corpiño de Begonte, que recollerá alumnado procedente do peche do de Baamonde. Eliseo Real Franco, director do centro, asegura que toman o inicio do curso con "prudencia malia experiencia pero en garda contra nova variante".

É crítico coas modificacións da Xunta de Galicia. "Chama un pouco a atención que, pese a que estamos en contacto cunha variante moito máis contagiosa, a Consellería tomase a decisión de reducir a distancia de seguridade de 1,5 m a 1,2 m e logo para determinar os contactos estreitos dun positivo establezan unha circunferencia de 2 m de diámetro. Tamén aumenta a porcentaxe de ocupación dalgúns espazos comúns, como os baños, que pasan de 1/3 da súa ocupación ao 50%". Por isto no mesmo centro manterán as distancias de seguridade todo o que o permita a aula como medida adicional. Tamén contan cun sistema lumínico sen contacto nos baños para indicar o seu nivel de ocupación e realizan tomas de temperatura diarias na entrada ao colexio.

Considera suficiente o ratio do profesorado, "axeitada para a atención individualizada do noso alumnado, cun número de docentes adaptado ás necesidades do centro".

Así mesmo, o centro contará con servizo de madrugadores e con actividades extraescolares organizadas polo Concello durante as tardes, "nun compromiso coa conciliación familiar".

IES PEDREGAL DE IRIMIA

A Asociación de Pais e Nais do IES Pedregal de Irimia de Meira recolleu firmas para protestar contra o recorte de profesores no centro para o próximo curso escolar. Segundo explican, dos 25 profesores que solicitou o centro, só lles concederon 21, aínda que a matrícula tendeu á subida. Consideran os pais que esta situación derivará nun deterioro da calidade educativa, porque haberá "clases con máis nenos, nenos que non poderán cursar as materias que elixiron e profesorado que impartirá outras que non son a súa especialidade".



SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE
MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA
ABOGADOS

**RECUPERA LOS GASTOS DE
FORMALIZACIÓN DE TU HIPOTECA**

Gastos de Registro, gastos de empresa gestora, gastos de tasación,
gastos de notaría, comisiones de apertura de hipoteca.
RECUPERAMOS TU DINERO. NO DEJES QUE SE LO QUEDE EL BANCO

SOLO COBRAMOS SI TÚ COBRAS

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606
veiguelabogados veiguela abogados

Comezaron as obras da estrada LU-231 entre Friol e Palas de Rei



Supervisión dos traballos

Comezou a primeira fase das obras de mellora da estrada autonómica LU-231 entre Friol e Palas de Rei, ás que destina un orzamento de 2,8 millóns de euros. Os traballos teñen un prazo de execución de 12 meses.

As obras céntranse no acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei, é dicir, o treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo.

A sección da estrada ten actualmente un ancho aproximado de 5 metros, polo que os carrís son estreitos e non contan con beiravías. Esta sección ampliarase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións.

O proxecto recolle melloras do trazado, suavizando as curvas de menor radio. Cabe salientar que se mellorará o cruce do punto

quilométrico 2+100 coa estrada provincial LU-P-1611, pola que se chega a Guntín, nun sentido, e a Begonte (A-6), no outro.

A estrada LU-231 ten aproximadamente 18,7 quilómetros desde a travesía de Friol ata o enlace coa A-54 máis próximo ao núcleo de Palas de Rei. A Xunta ten prevista a súa mellora en dúas fases, para o que contratou a redacción de dous proxectos construtivos, estando o segundo redactado e en supervisión técnica.

A execución desta actuación permitirá conformar, xunto coa estrada provincial LU-P-1611, un eixo norte-sur de mobilidade con prestacións axeitadas entre a A-54 en Palas de Rei e a A-6 en Begonte, nun punto moi próximo ao sen enlace coa A-8.

Este eixo viario suporá a mellora da competitividade para a produción do sector primario e a industria desta contorna da provincia de Lugo.

Adxudicados dous proxectos de obra por valor de 150.000 euros

O Equipo de Goberno presidido por José Ángel Santos sigue traballando para facilitar os accesos ao longo do seu municipio, en este caso, con dous proxectos de mellora e pavimentación de camiños e accesos a parcelas agrícolas en varias parroquias.

A primeira obra trátase do proxecto de "Mellora de camiños municipais de accesos a parcelas agrícolas nos lugares de Nodar, A Bouza, Pedrido e Guldriz de Arriba" que foi adxudicada á empresa Jesús y Páramo S.L. O segundo proxecto é o de "Pavimentación do camiño municipal de Guldriz de Arriba á Boleta" adxudicado á empresa Construcciones Cholo S.L. A execución de estas dúas obras suman unha inversión de máis de 150.000 €.

O primeiro proxecto é un contrato de case 104.000€ que se financiará con cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). No segundo contrato, para a execución das obras de 50.000€, cóntase con unha axuda concedida pola Vice-



Visita do alcalde ás obras

presidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Son ámbolos dous proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, xa que se trata de realizar melloras e mantementos de vías e accesos municipais de varias parroquias do municipio.

As vías e accesos referidos están en malas condicións, debido ás condicións normais do tráfico, ó paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, ás condicións atmosféricas, ó paso dos anos e a outras causas. Debido ao mal esta-

do actual, o paso de vehículos en algunhas zonas faise incómodo e complicado.

Para o Equipo de Goberno atender e arranxar estas situacións é algo moi importante e no que traballan cada día, e como di o seu Alcalde Jose Ángel Santos "estas actuacións lévanse a cabo para intentar facilitar os desprazamentos de vehículos e maquinaria no día a día dos habitantes do noso Concello, e para que as persoas que veñen ao noso municipio tamén poidan desfrutar do bo estado das nosas vías".

O Concello implanta o Servizo de Madrugadores no colexio

O Concello de Friol aposta por intentar facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do seu pobo, e para iso leva a cabo, este curso que vai comezar o próximo mes de setembro, un servizo de

Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2021-2022, dende as 7:45 ata as 9:45, que é cando xa comeza a xornada escolar. Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro, ás 9:45, como xa se indicou.

Con este xesto, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir vivir ao pobo e matricular aos seus fillos e fillas no centro escolar público de Friol.

O Servizo de Madrugadores será subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa interesada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 € por todo o curso escolar 2021-2022.

Pode realizarse a inscrición nas

oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. O impreso de solicitude de inscrición pode atoparse na web do Concello.

O Servizo de Madrugadores proposto levarase a cabo sempre que haxa un mínimo de inscritos suficientes para formar un grupo, polo que a admisión definitiva estará condicionada a esta consolidación de grupos. De non ser posible a creación de un grupo, informarase ás familias dos solicitantes, non existindo compromiso nin responsabilidade algunha por parte do Concello de Friol de garantir a realización do presente Servizo.

O alcalde de Friol, Jose Ángel Santos, di que "dende o Equipo de Goberno apostamos por impulsar este tipo de servizos, que xunto co Punto de Atención á Infancia, conseguen que as familias teñan un pouco máis fácil poder conciliar a vida familiar e laboral", "tamén queremos agradecerlle, ao novo director do centro escolar, Felipe Barata, todas as facilidades aportadas ao Concello para que este servizo poida levarse a cabo", engade o rexedor.

PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Friol únese ás escolas de música de Rábade, Begonte e Outeiro

O Concello de Friol aposta pola formación musical para os seus veciños e veciñas, e decide unirse aos concellos de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei, para formar parte das Escolas Mancomunadas de estes catro concellos.

Esta Escola de Música conta actualmente con 278 alumnos e 23 profesores. Resulta salientable a singularidade de un modelo inédito en este ámbito, xuntando esforzos de distintas administracións locais. Fixeron un intenso traballo, apoiado na forte convicción dos principais axentes coordinados, Áreas de Cultura dos diferentes concellos, os de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, e agora Friol, profesorado, familias de alumnos e veciños, a través da Asociación "Músico Crisanto".

Xurdiron agrupacións de moi diversos estilos: Murajazz Big Band, Young Murajazz Big Band, Grupo de Pandeiretas e Voz Tradicional, Tirapadiante Grupo Tradicional, Banda de Gaitas Sons da Chaira, Coro da Asoc. Músico Crisanto, Banda Infantil da Escola e Banda "Sons e Soños".

Gracias a esta adhesión, as persoas empadroadas en Friol e que teñan ganas de formarse musicalmente, terano algo máis fácil, xa que os mestres e mestras que forman parte de estas Escolas Mancomunadas, poderán impartir as súas clases no municipio de Friol. Esta formación impartirase dende o 1 de outubro ata o 31 de maio, que será a duración de este curso 2021-2022.

O Concello de Friol conta con

varios locais nos que se poderán levar a cabo as clases musicais: a aula formativa do Centro Colaborativo, o Centro Sociocultural, e tamén, en colaboración co centro escolar, no recinto do C.P.I. Doutor López Suárez.

As persoas interesadas poderán inscribirse a partir do 6 de setembro, preferentemente por internet, a través do formulario dispoñible na páxina web www.musicocrisanto.com. Tamén pode realizarse esta inscrición contactando coa administración Asociación Músico Crisanto no teléfono 678 800 245 ou presencialmente no Concello de Friol en horario de 9h ata as 15h. Toda a información e as tarifas correspondentes aparecen reflexadas na páxina web da Asociación.

A Deputación allea 34 parcelas no polígono



Vista do polígono de Friol

A Xunta de Goberno da Deputación deulle o visto bo ao procedemento para o alleamento dun total de 47 parcelas dos polígonos industriais de Friol e de Baleira, parques que, extinguida Suplusa, xestiona agora a Deputación.

En Friol sacáronse á venda 34 parcelas, cunha extensión total de case 65.000 metros cadrados, e en Baleira, son 13 parcelas, que suman máis de 20.000 metros cadrados en total. A venda das parcelas

farase a través dun procedemento de concorrencia pública mediante a celebración dunha poxa.

O mes pasado aprobouse outro procedemento para a venda de 44 parcelas no parque empresarial de Castroverde e de 11 parcelas no de Chantada. "Desta forma, seguimos contribuíndo ao desenvolvemento do tecido produtivo da provincia a través da implantación de actividades económicas nestes concellos", subliñou Tomé Roca.

San Paio de Narla acolle un obradoiro

O Museo Fortaleza San Paio de Narla acollerá o martes 14 de setembro un obradoiro co título A maneira de Román Corbato. Está orientado a nenos de todas as idades, familias e grupos.

Este propón, a través do debuxo e a escultura, repensar a idea do refuxio desde un punto de vista artístico. Durante o mesmo analizaranse determinados espazos do museo como son as torres defensivas ou a lareira. As prazas son limitadas e están suxeitas a inscrición previa no enderezo electrónico comunidadermpl@gmail.com. O obradoiro desenvolverase entre as 17.00 e as 20.00 horas. Cada participante deberá levar material diverso para traballar.



O Museo friolense acolleu a finais de agosto, Mercanarla, un mercado medieval ambientado, decorado e confeccionado polo grupo de pequenos que participaron nas actividades organizadas pola Rede Museística. Nesta cita, os asistentes poderon desfrutar de música, cerámica, perfumes, tintes, cestería, marmeladas, xabóns e moitos outros produtos.

Cancelada pola covid a Feira do Gando Vacún deste ano 2021

Dende o equipo de goberno de Friol informaron da cancelación da Feira do Gando Vacún deste ano 2021, así o comunicou o alcalde, José ángel Santos "vendo a actual situación sanitaria que atravesamos a Comunidade, o Concello de Friol lamenta ter que comunicar a cancelación da que sería a 10ª Edición da Feira".

"Valorando os acontecementos que se están a suceder e o nivel de contaxios que se están pro-

ducindo nas últimas semanas en toda a Comunidade, o Concello de Friol decidiu, por seguridade sanitaria da poboación de Friol principalmente, e por suposto por seguridade dos centos de persoas que se poderían xuntar na súa afamada Feira do Gando Vacún, que estaba sendo un referente en este sector, que o mellor sería pospoñer, por segundo ano consecutivo, a celebración da citada Feira", informou o rexedor.

CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES

CASA MARAGATA
FUNDADA 1894

Casa Maragata
CAFÉ - BAR
RESTAURANTE - PULPERIA

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201

Audio©linic
Centro Auditivo

Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva

SERVICIOS: Audiometrías • Adaptación personalizada • Rehabilitación auditiva
Mantenimiento y reparación de audífonos

PRODUCTOS: Audífonos • Protección Auditiva • Tapones de Baño • Accesorios

PROMOCIONES: Revisiones Auditivas • Promoción Audífonos

Praza Maior, 19 - 1º 27001 LUO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com - www.audioclinic.es

Abre o prazo a matrícula nas escolas deportivas

O Concello de Guitiriz abrirá o vindeiro luns, 13 de setembro e desde as 8:30 horas, o prazo para matricularse nas Escolas Deportivas Municipais.

Estará aberto ata o 24 deste mes, e inclusive durante máis días no caso de que queden prazas libres nas actividades correspondentes.

As solicitudes poderanse presentar mediante sede electrónica ou presencial, solicitando cita previa no 982 37 01 09. O pago debe realizarse unha vez confirmada a admisión



antes de comezar a actividade. Si se mantén na actividade durante todo o curso, procederase á devolución do 50% da matrícula.

Organizan un curso de 15 horas de prevención de riscos no sector forestal

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) organiza un curso de prevención de riscos laborais, que se impartirá en Guitiriz do 13 ao 15 de setembro en horario de tarde, de 16.00 a 21.00 horas. Esta acción formativa estará centrada no manexo de motoseerras e rozadoras e ten só 8 prazas. Conta cunha parte teórica e outra práctica ao longo de 15 horas.

As persoas interesadas en participar terán que apuntarse por correo electrónico no issga.formacion@xunta.gal. Para máis información pódese chamar ao 981 551 704.

Lareira de Soños organiza un encontro coa escritora Adela Figueroa

A asociación Lareira de Soños Os Vilares celebrará o próximo 16 de setembro, xoves, ás 19.00 horas, un encontro coa autora da obra *As mulheres da Casa da Bouça da roupa estendida*, Adela Figueroa Panisse.

Esta sesión terá lugar na Casa Habanera de Guitiriz e nela participarán xunto á escritora, poeta e activista eco-feminista, Pilar Maseda, poeta da NPG, e Pastora Veres, escritora.

O encontro cultural estará animado pola música de Mero Iglesias.

Guitiriz destina 269.000 euros do Plan Único provincial para a mellora de vías

O Concello de Guitiriz realiza ano tras ano un plan de renovación súa rede viaria, atendendo a aquelas nas que é máis urxente a substitución do firme. Para este obxecto destina no ano 2021 un total de 269.394,02 euros do Plan Único da Deputación de Lugo.

Así, xa se remataron de pavimentar as seguintes vías: os accesos entre Lea e Bustelo (Buriz-Vilares), accesos a Sante e Queimos (Trasparga), accesos a Roca, Casanova e Canteira, accesos aos núcleos de Forxa e Carelo e, por último, os accesos a Sambreiro e Lagostelle. Ademais, xa están adxudicadas e pendentas de executar as seguintes actuacións de mellora do firme: Ferreiros e accesos O Castro (Santa Cruz), accesos a O Pazo, Acevedo e Landoeira (Lagostelle), acceso a O Pitero (Sambreiro) e o acceso a Abeledo.



Estrada entre Lea e Bustelo

Marisol Morandeira explica que “no equipo de goberno somos coñecedores de que, a pesar do investimento feito desde que chegamos ao Concello, aínda queda moito traballo por levar a cabo e faremos un esforzo para continuar

coa mellora das vías de titularidade municipal” e engade que “ademais dos asfaltados do Plan Único tamén temos en marcha outros, feitos con fondos propios ou subvencionados a través doutras administracións”.

A Casa Habanera acolle unha mostra pictórica de Isabel Pardo

Últimos días para visitar a exposición de debuxos e pinturas da artista vilalbesa Isabel Pardo que permance esta semana na Casa Habanera de Guitiriz e pode verse en horario de 10 a 2 e de 4 a 6 de luns a venres.

Esta mostra está organizada polo Concello de Guitiriz dentro da súa programación de verán coa colaboración da Asociación Cultural Xermolos, a Nova Poesía Guitirica NPG e a Asociación Socio-Cultural Lareira de soños. O acto de inauguración tivo lugar o 23 e contou coa participación da autora Isabel Pardo, a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, o presidente de Xermolos Alfonso Blanco e un recital da Nova Poesía Guitirica cos poetas Branka Villar, Pilar Maseda, Miguel Barrera, María Xosé Lamas, Emilia Martínez Fuentes e Luz Airado e será presentado polo presidente da Lareira de soños, Antón de Guizán. Isabel Pardo Martínez é unha



Isabel Pardo

das artistas chairegas máis talentosas que coa súa xuventude (nacida en Vilalba en 2002) xa ten gañado o certame de debuxo de Pardiñas, realizado numerosos murais e colaborado con entidades como Xermolos, Nova Poesía Guitirica, lescha ou Lareira de soños en diversas iniciativas culturais. Comprometida coa sociedade e cultura chairegas e o feminismo, ten feitas varias exposicións dos seus traballos.

Abre o prazo de inscrición para o curso de cerámica



O Concello de Guitiriz mantén aberto ata o 30 deste mesmo mes o prazo de matrícula do obradoiro de cerámica que se impartirá desde outubro ata maio no soto da Casa Habanera.

Este curso levarase a cabo en dúas quendas, unha de mañá, de 11:30 a 13 horas e outra de tarde, de 18:30 a 20 horas. O prezo é de 20 euros ao mes e a inscrición pódese formalizar a través da sede electrónica municipal ou de xeito presencial no Rexistro pedindo cita previa no 982 370 109.

A actividade levarase a cabo seguindo un estrito protocolo para prever contaxios pola COVID-19.



TURISMO. O Concello de Guitiriz presentou a súa nova web de turismo municipal, <https://turismo.concellodeguitiriz.com/>, un espazo moderno, intuitivo e áxil no que o usuario ou usuaria poderá atopar información sobre como chegar a Guitiriz, o que ver durante a súa visita e, non menos importante, onde comer e durmir.

CHAIREGOS
SERVIZOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS
 24 HORAS

gato con botas

zapatería
 C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
 27100 Vilalba (Lugo)
 Telf. 982516150



Unha vista da estrada que une as dúas localidades

A Deputación adxudica obras na estrada de Parga a Santalla

A Deputación de Lugo vén de adxudicar as obras de rehabilitación da vía LU-P-2303, que comunica Parga con Santalla pasando por Pedrafitá, no concello de Guitiriz. Trátase dun tramo de tres quilómetros, dende o comezo da vía ata o punto quilométrico 3,200. Os traballos teñen un orzamento de preto de 50.000€ e consistirán na reapertura de

cunetas, pavimentación e sinalización horizontal. O prazo de execución é de 6 meses dende o comezo das obras. A institución provincial aumentou no Orzamento deste 2021 nun 14% as partidas para a rede viaria, ata acadar os 16M€, dentro da súa aposta por mellorar a mobilidade e a seguridade, e favorecer o reequilibrio territorial.

Man Castro, nombrado Trapeiro de Honra 2021

A Asociación Socio-Cultural Lareira de soños dos Vilares acordou dedicar a sexta edición do Premio Trapeiro de Honra 2021 ao xornalista Germán Castro Tomé, Man Castro. O premio Trapeiro de Honra concédese como un recoñecemento ás voces silenciadas do rural, as persoas e entidades que co seu traballo silencioso constrúen a historia dende o anonimato e a humildade. “Leva o nome de Trapeiro de Honra por ser o de trapeir@s e farrapeir@s un oficio humilde moi arraigado na parroquia chairega dos Vilares e que ten en Pedro Patricio o máis coñecido deste oficio nómada, con pezas musicais adicadas por Xosé Luís Foxo ou Fuxan os Ventos e un fermoso romance de Marica Campo, artigos etc”, explican.

Man Castro é colaborador da Lareira de soños e un dos fundadores da NPG Nova Poesía Guitirica. Foi tamén o prologuista do libro Lareira de soños de Pastora Veres. O premiado recibirá unha peza elaborada pola artista Viki Rivadulla.

BIOGRAFÍA. Man Castro naceu o 28 de abril de 1944 en Esmelle, Ferrol. Curmán do poeta Xosé María Díaz Castro, toda a súa familia procede das estirpes de Camuza e Os Manchás dos Vilares.

Cursou estudos de Latín, Humanidades e Filosofía no Seminario de Mondoñedo (1954-1961) e tras deixar a carreira de sacerdote finaliza o Bacharelato en Ferrol e cursa



estudos de Maxisterio na Coruña. Desde moi novo vincúlase ao xornalismo onde desenvolveu a súa vida profesional.

Está en posesión, entre outros, dos premios Fundación Luis Tilve (UGT/1990, polo traballo *Las relaciones entre partidos y sindicatos en las sociedades democráticas europeas*), Fundación 10 de Marzo (CC OO/1999 “polo seu compromiso co rigor informativo e a defensa do pluralismo político así como a recuperación da memoria histórica de Ferrol”), premio a unha traxectoria de Diario de Ferrol/2011 e Premio Diego Bernal/2013 da Asociación de Xornalistas de Galicia. Á súa xubilación recibiu diversas distincións e homenaxes de institucións e entidades veciñais, deportivas e culturais.

Paixón pola súa parroquia

A asociación veciñal dos Vilares intenta recuperar as actividades tralo paso da pandemia mentres agarda unha solución para o seu local social

A Asociación de Veciños Cultural e Medioambiental Os Vilares é sen dúbida unha das senlleiras da zona, xa que a súa fundación remóntase a 1990, 31 anos atrás.

Hoxe en día conta con arredor dos cen socios e está presidida por Luz Veres Cordeiro cunha actividade constante e sendo un referente claro e contundente da vida social e cultural nesta parroquia de Guitiriz.

Como explica a súa presidenta, o obxectivo principal co que naceu a asociación foi para unir á xente nova e traballar pola parroquia, así como dinamizar e facer actividades. “A idea de crear a asociación xurdiu entre varias persoas falando das necesidades da parroquia para unir a xente e facer actividades”, explica Luz Veres.

Este obxectivo cumpriuse con creces e son un referente en celebracións como o Entroido, a Romaría Labrega da Chaira e o Magosto, todos elas castigadas pola pandemia. Unha das últimas actividades incorporadas ao seu catálogo foron os cantos de Reis, que comezaron a facerse no ano 2019 “que tivemos que pospoñer debido á pandemia pero que temos previsto seguir con eles”, explica. Non faltan tampouco as clases de música. As actividades teñen unha gran participación e boa acollida por parte dos veciños e veciñas, de feito é esta unha parroquia de fonda tradición cultural e participación. “Eso axuda moito tanto na organización como na participación da xente nas actividades”, explica Luz.

Sen dúbida de todas as actividades que organizan a de máis éxito é a Romaría Labrega. Trátase dunha romería de exaltación do traballo no campo que se celebra cada ano na carballeira do Cancelo, nela destacan todos os anos os xogos populares ou as carreiras sen faltar o apartado musical. A data escollida é sempre a mediados do mes de agosto e serve de celebración tamén para todos os visitantes que recibe a parroquia durante o verán.



Dúas actividades realizadas por medio da asociación

FUTURO. Co freazo que supuxo para a asociación a chegada da covid o obxectivo máis inmediato é retomar a actividade normal. “De cara ao futuro temos previsto seguir coas actividades que se levaban a cabo antes da pandemia xa que a covid paralizounos totalmente as actividades, tanto por medo como por falta de medios para poder levalas a cabo con seguridade xa que actualmente os medios de financiación son escasos para poder realizalas con todo o protocolo de seguridade que se necesita”, explica Luz Veres.

Tal e como engade, é difícil para unha asociación manter unha programación constante. “Os medios de financiación para as actividades levadas a cabo son a través das entidades como a Deputación

de Lugo e o Concello de Guitiriz pero tamén contamos co apoio de comerciantes e hostaleiros do concello e arredores que colaboran con nós para a Romaría Labrega”, indica.

Tamén falando de futuro, Luz Veres fai referencia ás necesidades do colectivo. “A necesidade máis grande que temos agora mesmo é contar con investimento para reformar a Escola Habanera da Conchada no Laxoso, sede actual da asociación e na que se levan a cabo a maioría das actividades”, di explicando que precisa dunha reforma e acondicionamento para as actividades proxectadas e tamén para o uso por parte de calquera veciño que o precise tanto para reunións como calquer outro uso responsable da mesma.

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

Licitada a dotación dun simulador avanzado para Rozas

O Centro para el Desarrollo Tecnológico e Industrial (CDTI) do Ministerio de Ciencia e Innovación licita a Compra Pública Precomercial para dotar o Polo Aeroespacial de Galicia dun entorno de simulación avanzado de xestión do tráfico aéreo.

O obxectivo da licitación é desenvolver unha infraestrutura de simulación avanzada que, facendo uso dos recursos xa operativos no Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR), así como das solucións tecnolóxicas desenvolvidas no período 2015-2020 do Polo Aeroespacial de Galicia, sexa capaz de proporcionar un sistema aberto e interoperable para a xestión de tráfico aéreo en operacións con vehículos non tripulados e a súa integración con vehículos tripulados.

O resultado final será un sistema que permita alcanzar a simulación en calquera escenario operacional. Agárdase ademais que a infraestrutura de simulación teña en conta dous aspectos fundamentais: por un lado, a interrelación dos servizos U-Space co Urban Air Mobility (Mobilidade Aérea Urbana) e as SmartCities; e por outro lado, que o simulador e os resultados obtidos no mesmo sexan un referente para a definición do marco regulatorio a nivel europeo e internacional.

Esta nova infraestrutura do Polo Aeroespacial de Galicia, que dará servizo á comunidade científica e tecnolóxica, permitirá que Galicia siga á vangarda no desenvolvemento de tecnoloxías e servizos vinculados cos vehículos aéreos non tripulados.

“A música é un pilar básico na educación”

A cantante e profesora Marta Pacín representará este mes á Terra Chá nun concurso de televisión

Onde naceu?

Nacín en Lugo aínda que mudei a Castro Ribeiras do Lea por amor. O meu marido é de San Martiño de Goberno e aquí vivín uns cantos anos, incluso tiveron aos meus fillos nesta terra.

A paixón pola música dende cando lle vén?

Pois desde moi pequena a verdade. Sinto paixón por ela a pesares de que non teño na familia ningún que se adique a ela. Cando era cativa tomei clases de guitarra e clases de canto.

Traballa en algo relacionado coa música?

Non exactamente. Nos meus comezos eu traballei en varias orquestras durante uns 10 anos e despois saquei a praza de maestra xa que estudei Maxisterio musical e son profesora de Educación Infantil. Pero levo ao cole a guitarra e canto moito cos pequenos.

Pode compaxinar traballo e música?

Perfectamente. Misturo ben as dúas tarefas xa que miña metodoloxía a baseo na música porque en infantil paréceme que é moi importante tanto para o coñecemento como para traballar emocións. Ademais creo que a música é un pilar básico na educación.



Como afronta a súa participación en Recantos?

A verdade é que estou moi ilusionada e tamén con algo de nervios porque levo tempo sen cantar en escenarios pero teño moitas ganas. O concurso comeza agora o 10 de setembro aínda que xa fixemos unha pequena presentación así que afronto o concurso con algo máis de experiencia que o anterior no que participei.

Algunha novidade para o futuro?

De momento centrarme no concurso, na miña profesión e na miña familia. Ademais estou preparando unha canción adicada a Terra Chá que fala sobre o pasado e a historia da comarca que contará cun videoclip que gravaremos na zona cunha rapaza de Castro.

Piden a investigación da morte dun traballador da empresa Surexport



Manifestación en Castro de Rei

Poucos días despois da concentración de traballadores ante a empresa Surexport polas prácticas laborais da empresa, CC.OO. de Industria presentou unha demanda para que se investigue a morte dun temporeiro que tivo lugar o pasado venres en Castro. O sindicato estuda que este se considere un accidente laboral.

O temporeiro, de 25 anos e procedente de Rumaría, faleceu no hostel habilitado como residencia habitual e, segundo explican, tiña unha enfermidade crónica.

Dende CC.OO afirman que o traballador sufrira xa algún episodio “que non estaba contemplado na avaliación de riscos da empresa”.

“Imos presentar demanda para que se investigue tanto a avaliación de riscos, planificación dos mesmos, medidas correctoras contempladas e de existir infraccións en materia

de seguridade, que se condene á empresa”, din e tamén ofrecen asesoramento legal á familia.

SINDICATO LABREGO GALEGO.

Pola súa banda, o Sindicato Labrego Galego pide tamén explicacións sobre este falecemento e alega que traballadores da cooperativa relataron “varias xornadas continuadas de até 14 horas ao día con altas temperaturas, case sen auga para hidratarse, sen descanso e baixo comentarios humillantes”.

Afirman que xa pasaron varios días deste gravísimo suceso, “e nin dende a empresa nin dende a Consellería de Emprego e Igualdade, Inspección ou Ministerio de Traballo se está a proporcionar información que esclareza o acontecido”. Consideran que “existe a posibilidade de que este rapaz morrera por explotación laboral”.

Dez empresas optan a facer as obras da segunda fase do abastecemento

Un total de 10 empresas presentaron as súas ofertas para a execución das obras da segunda fase da mellora da rede de abastecemento de auga a Castro de Rei.

As actuacións, licitadas por un investimento de máis de 355.000 euros, servirán para mellorar as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial, para evitar problemas de abastecemento.

As obras, que terán un prazo de execución estimado de seis meses, serán cofinanciadas nun 80% pola Xunta, achegando o 20% o Concello, segundo o convenio de colaboración asinado polas dúas administracións.

Esta nova actuación dará continuidade á primeira fase da mellora do abastecemento, aprobada nun convenio anterior co Concello. As obras foron contratadas por Augas de Galicia o pasado mes de xuño e xa están

en execución.

As obras da 2ª fase complementarán a primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de conducción que se vai desenvolver na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, emprégase unha conducción de máis de 1,5 km con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro. A solución dará servizo a preto de 2.600 habitantes no 2040.

Ponte de Outeiro terá unhas festas diferentes

A comisión de festas de Ponte de Outeiro, en Castro de Rei, ten previsto celebrar entre o 10 e o 12 de setembro as súas festas patronais, cun contido moi diferente ao habitual, condicionado pola covid.

Así, as festas darán comezo o venres 10, ás 20.00 horas, coa actuación de Andrea Méndez en concerto. Será no campo da festa.

Ao día seguinte, ás 19.00 horas, abrirá unha mostra de imaxes do pobo que foron recollidas durante estes días previos entre todos os veciños. A mostra estará situado no campo da festa e será previa ao concerto que terá lugar ás 20.00 horas a cargo de Quinteto 555. As dúas citas serán tamén no campo da festa da parroquia.



O domingo haberá misa solemne con música en directo a partir das 13.00 horas para continuar con pasarrúas con gaiteiros.

Este programa, no que se cumprirá con todas as medidas de seguridade sanitaria, está deseñado para evitar a propagación do virus.

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
 ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
 CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
 Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
 Tlf 982 523 649 - 982 523 601
 619 41 53 56 - 650 61 12 60
ALÉN

muras

Unha axuda da Deputación irá para humanizar a praza da Galeguidade

Un convenio de colaboración entre Deputación e Concello permitirá humanizar a contorna da praza da Galeguidade con 272.525€ que achegará integramente a institución provincial. A firma do acordo tivo lugar no propio lugar no que se vai actuar, ao carón do consistorio murés. O proxecto contempla un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo humanizar o centro do concello de Muras, creando un novo espazo de convivencia que lle dará un maior protagonismo aos peóns e reducirá a velocidade dos vehículos que transiten por esta zona. Vaise xerar unha única plataforma de pedra e formigón que unirá as fachadas dos edificios coa alameda da praza da Galeguidade, coa intención de unificar estas dúas zonas, e pola que transitarán tanto os vehículos como os peóns. Eliminaranse



os banzos actuais para mellorar en accesibilidade tanto para as persoas con mobilidade reducida como para os carros dos bebés. Ademais, esta obra servirá para renovar as subministracións públicas, como a rede de abastecemento de auga, pluviais, enerxía eléctrica e telecomunicacións. Así mesmo, esta zona dotarase de novas luminarias e de mobiliario urbano que ofrezca unha maior calidade e comodidade

para a veciñanza. A rúa Apóstol Santiago modificará a súa actual bidireccionalidade, converténdose nunha estrada de dirección única en sentido ao Concello. Quedará prohibido o acceso á nova contorna dos vehículos que circulen en sentido ao Concello dende a rúa José Ramón Puentes. Tomé Roca puxo de manifesto que “o acordo que asinamos é un exemplo de colaboración entre dúas administracións que buscamos o mesmo, que é mellorar a vida da xente, neste caso a través dun proxecto para que os veciños e veciñas teñan unha praza máis acolledora, accesible e bonita”. Concretou o mandatario provincial que “o rural da nosa provincia necesita actuacións coma esta para ser atractivo para a poboación máis nova e cómodo para as persoas maiores”.

Recoñecen a xestión municipal para abaratar o prezo da luz

O sistema de bonos do Concello de Muras para abaratar o prezo da luz vén de ser recoñecido como un exemplo de xestión a nivel de toda España. Como explican, neste Concello, case a totalidade dos veciños pagan pouco ou nada pola factura da luz das súas vivendas. Pasaron xa seis anos desde a aparición deste novo sistema de axudas á veciñanza que se obteñen da rendabilidade que ofrecen os 381 aeroxeradores que hai no seu territorio. O alcalde responsable da súa posta en marcha, Manuel Requeijo, lembra que “era un asunto de xustiza social inescusable. Foi o noso gran compromiso de goberno e o que,

con toda seguridade, tráxonos a este consistorio no ano 2015”. Nun concello onde case o 90% dos seus 619 habitantes son xubilados -en concreto, do sector agrícola-, todas aquelas familias con rendas inferiores a 15.000 euros non pagan nada polos seus contratos coas eléctricas. Pero a axuda non só vai dirixida a eles. O resto de fogares con ingresos máis altos tamén recibe descontos de ata o 90%. Esta xestión xa obtivo recentemente o Premio Eolo de Integración Rural da Eólica 2021: “Os parques eólicos nesta zona supuxeron un importante desenvolvemento económico e social”, xustificaba a Asociación Empresarial.

O Concello impulsa a recollida selectiva de aceite doméstico con dous contedores

O Concello de Muras iniciou unha campaña de reciclaxe do aceite doméstico ofrecendo un novo servizo de recollida do mesmo que xa está en funcionamento. Así, foron colados dous contedores de recollida selectiva de aceite en Muras ao lado das vivendas sociais da rúa Enrique Guzmán na praza do Viveiró. Ademais, o Concello dispón de embudos para adaptar ás botellas de plástico e facilitar a reciclaxe e que se poden recoller de maneira gratuíta dentro do horario de atención habitual nas oficinas municipais.

CEIP ANTÍA CAL. Xa están instalados no patio do CEIP Antía Cal de Muras novos sillons e bancos, sollos dameiros e areiros, subvencionados tras a sinatura do convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Muras. A Deputación achegou 18.218,88 euros, con cargo ao Orzamento Xeral do exercicio 2020, e o Concello de Muras 981,12 como contribución ao fin común. Esta acción englobase dentro da competencia municipal para a promoción do deporte e conservación de instalacións.



JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Avenida de Galicia 48, Vilalba Piso 4 Dorm 3 Baños 170m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso 1 sin ascensor, de 4 habitaciones, 3 baños, sala muy amplia y cocina.	60.000€
Calle Ribadeo 15, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1.378m ² Ofrecemos un solar muy centrado de 1.378 metros, dando a dos calles, con edificabilidad para la calle Ribadeo de bajo, 4 plantas más ático y para la calle Lameirón, bajo, 3 plantas y ático.	275.000€
Plaza de San Juan 8, Vilalba Edificio de uso mixto 216m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y de Ferrol, a 45 de A Coruña y de la costa lucense, se vende casa del año 1900, reformada y adaptada a la época actual, aunque conservando la esencia de aquella época. La casa tiene en la planta baja un espacio que puede dedicarse a montar algún negocio y en las plantas superiores tiene tres dormitorios, sala, cocina, un baño y una dependencia para lavado planchado.	100.000€
Mourene, Vilalba Casa / Chalet Adosado 4 Dorm 2 Baños 220m ² Se vende chalet adosado a 1,5 km del centro de Vilalba, con una finca de 1.400 metros, de la que se puede segregarse una parcela para hacer otra vivienda, al estar dentro de núcleo rural.	165.000€
Lanzos - Carreira s/n, Vilalba Casa Rural 4 Dorm 1 Baño 180m ² En la parroquia de Lanzos, municipio de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar, independiente, fachada en piedra, con un pajar o garaje de unos 74 metros en construcción separada y con una finca de unos 8.000 metros cuadrados.	130.000€
Seivane - Román s/n, Vilalba Casa / Chalet Independiente 3 Dorm 1 Baño 115m ² En la localidad de Seivane, - Román, municipio de Vilalba (Lugo) se ofrece en venta una vivienda unifamiliar independiente, en la que hay 3 habitaciones, sala, cocina y baño. En la planta alta tiene una dependencia de unos 20 metros cuadrados. La casa dispone de calefacción individual y de unos garajes de unos 100 metros cuadrados.	93.000€
Campo de Puente 12, Vilalba Local 73m ² En Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar totalmente instalada en calle céntrica, en plena zona de paso.	94.000€
Avenida da Terra Cha 23, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 215m ² Se vende casa en mal estado de conservación en la esquina de la avenida Terra Llana y la calle de Guiriz de Vilalba (Lugo). Se puede edificar bajo, cuatro plantas y ático.	130.000€
Calle Lameirón, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 650m ² Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo, más 3 plantas, más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.	90.000€
Herrería 25, Vilalba Casa / Chalet Adosado 3 Dorm 1 Baño 153m ² En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.	55.000€
Muras 2, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 80m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.	95.000€
Campo de Puente, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 100m ² En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso de tres habitaciones y sala, dos baños y cocina. Tiene calefacción individual de gas ciudad, ascensor y una plaza de garaje amplia en el sótano 1. La vivienda tiene orientación Sur.	103.000€

Inmobiliaria JRoca Plaza Suso Gaioso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720
Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocabogados.info

O Pleno aproba a modificación do IBI

A Corporación xermadina, reunida en sesión ordinaria, aprobou a conta xeral do exercicio 2020, que xa foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas o pasado 28 de maio de 2021 e cuxo trámite de exposición público finalizou sen que se presentara ningunha alegación.

Así mesmo, aprobouse a modificación da ordenanza fiscal nº 8, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, motivada pola aprobación dunha nova Ponencia de Valores Urbanos por parte da Xerencia do Catastro de Lugo, que supón unha diminución da base liquidable para 2022 dun 61,57% respecto aos valores de 2021. Modifícanse polo tanto os tipos impositivos de urbana e rústica, que pasan a ser do 0,45%, e elimínanse as bonificacións aprobadas no 2011. Deste xeito mantéñese o nivel de ingresos que se obtiñan

polo IBI nestes últimos exercicios, a fin de que os servizos públicos municipais non se vexan afectados negativamente por esa caída do valor catastral.

Sométese agora o expediente a información pública polo prazo de trinta días, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas. Se transcorrido o devandito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo. Nese mesmo pleno, na parte de control e fiscalización, deuse conta do Período Medio de Pago do segundo trimestre de 2021, que é de 10,33 días, e das resolucións da Alcaldía adoptadas dende a última sesión ordinaria.

Así mesmo, acordaron os festivos locais para o ano 2022, que volven a ser o martes de Entroido e o luns de Santa María.

Apoio da Deputación na compra dun camión contra incendios

A Deputación de Lugo aprobou ampliar o prazo que ten o Concello de Xermade para executar o investimento recollido nun convenio de colaboración co organismo provincial.

Na sesión común celebrada o 24 de marzo de 2021, a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación para a subministración dun vehículo tipo autobomba rural pesada (BRP) destinado a actuar en situacións de emerxencia (incendios, seca, etc.), por importe de 72.600 euros (IVE incluído), dos cales a Deputación de



Lugo achega 60.000 euros a través dun convenio asinado o 30 de decembro de 2020, e os 12.600 euros restantes son achegados polo Concello de Xermade.

Imparten este mes un curso de informática básica en Cabreiros

A escola de Cabreiros acollerá a partir do 21 de setembro un curso de formación en Economía Social: Informática Básica financiado pola Rede Eusumo e que busca formar ás persoas na economía social utilizando ferramentas informáticas e de comunicación a través de internet.

A formación contará de 21 horas que se repartirán os martes, mércores e xoves de 15.30 a 18.30 horas. O horario está pensado para

que a organización limita o aforo a 10 prazas e a inscrición deberá realizarse previamente a través do Concello de Xermade, no teléfono 982 501 001.

A difusión e formación en economía social completárase con visitas a diferentes cooperativas, nas que se poderá ver a maneira de traballar e as vantaxes que a economía social proporciona ás persoas e ao territorio.

O Encontro de Torneiros xa ten programa para a edición de 2021

A localidade de Xermade converterase de novo este ano no centro da tornería europea grazas á celebración presencial do XXI Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, que terá lugar entre os días 17 e 19 de setembro. Como xa é habitual, Xunta e Deputación colaboran neste evento de divulgación do oficio tradicional da tornería, que está organizado polo Concello de Xermade.

Despois dunha edición exclusivamente en liña no 2020, nesta edición vólvese ao formato presencial no que se inclúen demostracións de profesionais de recoñecido prestixio internacional coma o francés Romuald Clemenceau, o oscense Fran Ferrer e os galegos Adrián Pena, do obradoiro Xar Arte en Madera (Vigo), e Manuel Lolo Castro, Premio Traxectoria nos Premios Artesanía de Galicia 2018.

Durante tres días, Xermade vol-



verase converter no centro do torneado artesanal da madeira, onde cada ano acoden profesionais non só de toda Galicia senón tamén do resto de España e de Europa, e recupérase un espazo de intercambio e aprendizaxe para profesionais e afeccionados.

A colaboración coa organización deste tipo de actividades de impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia para impulsar e consolidar o sector artesaná. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan a Artesanía de Galicia. Durante os tres días repetiránse as demostracións e as exposicións, nas que poderase gozar das demostracións de Adrián Pena, Fran Ferrer, Lolo Castro e de Romuald Clémanceau. Tamén haberá exposición e venda de maquinaria, ferramentas e publicacións, e de pezas torneadas aportadas polos participantes. Ademais poderase desfrutar da XIIICONTornos.

Os populares piden a tramitación do inventario de camiños

O Grupo Municipal Popular de Xermade pedirá no vindeiro pleno da corporación municipal "a inmediata tramitación do expediente do inventario de camiños de cara á súa aprobación definitiva; unha vez corrido atendendo ás numerosas alegacións sobre erros e imprecisións que foron presentadas polos propietarios de fincas e usuarios".

O voceiro popular, Antonio Riveira, sinala que "así o recolle un informe técnico-xurídico emitido polo Concello ante as consultas dos veciños sobre a posibilidade de que os camiños sexan públicos". O propio informe recolle que "se debe revisar o documento e informar sobre as alegacións presentadas na fase de exposición pública que aínda non foron resoltas dende a aprobación inicial do inventario de camiños no pleno do 12 de abril do 2018 cos únicos votos da favor do equipo de goberno".

A través dun rogo, o Grupo Municipal do PP esixe tamén ao goberno local que "o Concello dea a coñecer aos veciños os criterios para a realización da corrección do inventario de camiños coa finalidade de que coñezan a situación dun documento que é de vital importancia para as súas relacións coa administración e co resto de usuarios".



Abre o Circuito de Orientación Sotavento–Serrón do Lobo

Xa está aberto ao público o novo Circuito Permanente de Orientación Sotavento–Serrón do Lobo, así, convidan a participar nesta magnífica actividade na natureza para compartir con familia e amigos e apta para todos os públicos e condicións físicas, xa que conta con 5 percorridos diferentes para escoller con distintas lonxitudes e niveis técnicos. Ademais, é unha fantástica oportunidade para gozar da contorna natural e das maravillosas vistas panorámicas que rodean o parque.

Para celebrar a inauguración do circuito, todas aquelas persoas

que completen o circuito durante o mes de agosto de 2021 terán acceso gratuito a unha visita guiada polas instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento e participarán nun sorteo sorpresa.

Na páxina web pódense consultar as ligazóns para descargar os mapas dos 5 percorridos e tamén están accesibles escaneando os QR do panel informativo que se podde atopar no exterior do edificio principal.

Ademais, Para máis información haberá que chamar ao teléfono 652 808 173.



Aproban novas axudas para material escolar

A Xunta de Goberno Local da Pastoriza aprobou de novo as bases para unhas bolsas de material escolar e libros de texto dirixidas a nenos e nenas do Concello.

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello e escolarizado para o curso 2021/2022 en educación infantil (3-6 anos), educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

O obxectivo é “apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda”, indican dende o Concello.

Así con esta subvención, os solicitantes poderán mercar libros escolares, material escolar funxible,

material de debuxo e mochilas e estoxos. As axudas poderán solicitarlas aqueles que se atopan escolarizados no Concello en calquera dos niveis e que estean empadroados no tempo municipal.

Como sempre nestes casos, a contía das axudas irán en función da renda per cápita familiar e oscilará entre os 120 e os 20 euros de axuda. Ademais, serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade concedidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo total dos materiais subvencionados. Para esta función reservárase un total de 7.500 euros procedentes do orzamento xeral municipal para o ano en curso. As bases e os prazos para solicitarlas publicaranse nos próximos días no Boletín Oficial da Provincia pero serán de 20 días.

Programan obras en accesos a núcleos de Rigueira e Cadavedo

A Deputación financiará melloras en vias das parroquias de Rigueira e Cadavedo, no concello da Pastoriza. Trátase de traballos de reparación e pavimentación en pistas de acceso ás aldeas de As Fontes, Córneas, Montouto e A Portela, que mellorarán as condicións de uso e a seguridade destas infraestruturas básicas para a veciñanza xa que dan servizo a vivendas e explotacións gandeiras. As actuacións, que contan cun orzamento de 80.000 euros, consistirán na mellora do pavimento – reparación de roturas e deformación, recargas de grava e regas asfálticas – e na limpeza das cunetas. No caso das Fontes, os traballos concentraranse nunha vía de acceso a unha explotación gandeira, duns 0,5 quilómetros; mentras, en Córneas, as melloras realizaranse nun vial con dous ramais de acceso ao núcleo, cunha lonxitud-

de de 0,7 quilómetros. En Montouto e A Portela, na parroquia de Cadavedo, as obras realizaranse nunha pista con tres ramais de acceso, que suman preto de 2 quilómetros de lonxitude.

A tenente de alcaldesa, Elva Carrera, explicou que “nunha rede viaria tan extensa e ante a imposibilidade orzamentaria de cubrir todas as necesidades, estamos a priorizar as vías asfaltadas que dan accesos a vivendas e explotacións, como son estes casos” e agradeceu a achega da área de Medio Rural xa que sen ela, sinalou, “non sería posible a reparación neste ano destas vías que están nun avanzado estado de deterioro”.

As obras, que están en fase de licitación, teñen un prazo de execución de tres meses, segundo se establece no convenio asinado entre a área de Medio Rural e o Concello.

Equipadas as cinco vivendas rehabilitadas para alugueiro

A Deputación colaborou no acondicionamento das vivendas habilitadas polo Concello da Pastoriza nas antigas escolas unitarias de Crecente, Álvare e Bretoña. Concretamente, financiouse o equipamento de cinco das seis vivendas reformadas, co obxectivo de crear unha bolsa municipal para alugueiro.

A través dun convenio co Concello, a institución provincial financiou a compra de mobiliario e electrodomésticos para as cociñas -armarios, placas vitrocerámicas, frigoríficos e fornos- e a instalación de estufas de pellets.

A achega de Medio Rural permitiu concluír os traballos de rehabilita-

ción e acondicionamento das antigas escolas, un proxecto impulsado desde a Tenencia de Alcaldía do Concello que busca facilitar o acceso á vivenda a prezos asequibles.

Dende a Deputación sinalaron que “o obxectivo último das accións desenvolvidas desde a nosa área é a fixación de poboación no rural. Apostamos por iniciativas tanxibles, que respondan a necesidades e demandas concretas. Creemos que este proxecto impulsado desde a tenencia de alcaldía da Pastoriza é exemplar nese sentido, xa que ofrece alternativas para que as persoas poidan asentarse no rural, neste caso nun municipio cun sector primario

moi dinámico, que xenera emprego”. Incidiron tamén “en que se trata dunha iniciativa que entende a vivenda como un dereito fundamental e que pón en valor un patrimonio público como son as escolas unitarias”.

A tenente de alcalde da Pastoriza, Elva Carrera, constatou que “no concello hai unha demanda importante de vivenda”.

O Concello dispón dun total de seis vivendas públicas para alugueiro, reformadas e acondicionadas en distintas fases, en Crecente, Álvare e Bretoña, tres das parroquias que concentran gran parte da actividade gandeira do municipio, o segundo de Galiza en produción leiteira.

Comezan as obras de restauración do Cristo do Fiuoco

Comezaron na Pastoriza as obras de restauración do Cristo do Fiuoco, situado no alto da parroquia de San Bartolomeu de Cadavedo. A Xunta de Goberno do Concello da Pastoriza son os encargados de levar adiante esta intervención.

Trátase dun proxecto no que o alcalde, Primitivo Iglesias, e a empresa Enel Green Power, responsábel do proxecto, foron da man para conservar o patrimonio cultural.

Esta peza histórica data de finais do século XIX e a súa construción foi impulsada por dous veciños e hoxe en día son moitos os fieis que depositan flores ou velas.

A intervención, orzada en máis de 7.000 euros, inclúe unha limpeza



Cristo do Fiuoco en obras

da estrutura e o cristo, retirando vexetación ou restos vellos de ofrendas. Repararase a cuberta e selaranse as gretas da edificación, que se pintará.

Un pastoricense, novo presidente de Agromuralla

A asociación de gandeiros e ganderas Agromuralla, que reúne a centos de gandeiros das provincias de Lugo e A Coruña, vén de renovar os seus órganos directivos logo de seis anos de actividade en defensa do sector lácteo galego.

Nunha asemblea celebrada o pasado 19 de agosto resultou elixido novo presidente José Luis Pérez Barreiro, da gandería Caseiro SAT, de Fontela, na parroquia de San Cosme de Piñeiro, en substitución de Roberto López, de Lugo.

Entran tamén na nova directiva Antonio Sufuentes, de Guntín, como tesoureiro e dous novos vocais: Carlos Dablanca, de SAT San Miguel, de Palas de Rei, e Odón Castro, de SAT O Palomar, de Láncara.

constru fer

NATURALES DE CONSTRUCCIÓN E BARRIAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

O Concello recibe unha axuda para a mellora de pistas en tres parroquias

O Concello de Begonte recibiu unha subvención para a realización da actuación denominada Mellora e mantemento de camiños municipais.

Esta actuación farase nunha pista que transcorre polas parroquias de Bóveda (Santalla), O Castro (Santa María) e San Vicente de Pena (San Vicente). É un camiño que serve de acceso ás edificacións e instalacións agrícolas dos núcleos poboacionais principalmente de Bóveda, A Graña, Saamil e Os Grandíos.

Concretamente, a actuación discorre polo núcleo poboacional de Bóveda (Santalla), pasa polo núcleo poboacional de Saamil e termina no núcleo poboacional de Os Grandíos, cunha lonxitude de 1940 metros. Trátase dun camiño municipal que serve de acceso a edificacións, instalacións e parcelas agrícolas da zona. A presente axuda está cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no marco da medida 4.3 do PDR de Galicia 2014-2020

O Cercud, á salvagarda do Castiñeiro

A institución de Baamonde recibe unha subvención para a conservación de árbores senlleiras

O Cercud de Baamonde recibirá unha subvención de 3.650 euros da Consellería de Medio Ambiente ao abeiro da orde de axudas para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

O Servizo de Patrimonio Natural valorou en prioridade máxima (1 sobre 4) as actuacións plantexadas no Castaño de A Capela, máis coñecido como Castiñeiro Milenario ou Castaño de Baamonde situado no atrio da Igrexa de Baamonde.

Este castaño, de especie *Castanea sativa*, ten unha idade aproximada de máis de 500 anos e conta con 13 metros de altura e 11 de diámetro de copa. Aos seus pés pasa o Camiño Norte de Santiago.

50 ANIVERSARIO. Este castiñeiro salvou de converterse en achas, nas obras de ampliación e mellora da estrada Nacional VI no ano 1971, grazas á intervención de Víctor Corral. O escultor encerrouse dentro do



Castiñeiro milenario de Baamonde

oco que albergaba o exemplar, limpou e saneou o seu interior deixando no oco interior do castiñeiro o seu sinal, un bonito altar no que tallou á Virxe do Rosario, patroa de Baamonde.

Os medios de comunicación fixéronse eco desta curiosa fazaña e foi tal o balbordo que se organizou, que o castiñeiro non puido ser cortado, quedando como un auténtico monumento vivo digno de toda admiración. Víctor Corral seguiu coidando

nel e en cada unha das súas engurras que formou o tempo tallou con gran coidado pequenos detalles de animais, mans, etc.

OUTRAS ACTUACIÓNS. O Cercud tamén solicitou unha axuda a Deputación de Lugo ao abeiro das subvencións destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Viaxe á Ribeira Sacra

O Cercud de Baamonde é unha das entidades admitidas no programa Coñece a túa provincia da Deputación de Lugo para visitar á Ribeira Sacra. Así organiza unha excursión que terá lugar o mércores 15 de setembro, con saída ás 09:00 horas dende a praza de Baamonde.

A primeira visita será nun centro ou dependencia da Deputación de Lugo; ben na Tic – Servizo de Audio-visuais ou no Centro de Interpretación TerrasDoMiño.

A continuación, viaxarase ata Monforte e Sober para visitar unha adega na subzona de Amandi, un miradoiro sobre o Canón Do Sil e facer un percorrido no catamarán da Deputación de Lugo.

A viaxe inclúe transporte, póliza de seguros de viaxeiros, entradas e menú de xantar. Será obrigatorio o uso da máscara e demais medidas de hixiene sanitaria.

A inscrición para as 20 prazas existentes pode realizarse on line.

pol

O Concello instala na casa consistorial un desfibrilador entregado pola Deputación



O Concello de Pol vén de instalar na entrada da casa consistorial un desfibrilador externo semiautomático (DESA) que foi entregado pola Deputación de Lugo.

Os desfibriladores manuais comúns son aqueles que están dispoñibles en hospitais, centros de atención médica e vehículos de emerxencia. Trátase de máquinas moi eficaces pero requiren a presenza de persoal sanitario cualificado, xa que para utilizalas

adecuadamente e con seguridade é necesario un proceso de adestramento avanzado.

Con todo, os desfibriladores externos semiautomáticos ou DESA están compostos por unidades moi pequenas que son facilmente manexables. Ademais, a diferenza das anteriores, estas máquinas son moito máis sinxelas de utilizar e calquera persoa pode ser apta para usalas tras unha ou dúas sesións de formación.

Reparan os contedores dos que se queixou o PSOE



O PSOE de Abadín fixose eco dunha denuncia veciñal na que se advertía da situación de abandono dos contedores de lixo na praza de Abadín.

Segundo explicaban, estaban mal colocados e con mal estado, “proxectan unha mala imaxe aos veciños e visitantes e ademais repercuten nun mal servizo á hostalería do Concello”. Os socialistas instaron polo tanto, ao equipo de goberno “a atender as demandas dos veciños e hostaleiros do noso Concello, os cales hai tempo lles trasladaron esta reivindicación e poñan máis interese en manter un Abadín máis limpo”.

Finalmente, os colectores volveron ao ser lugar de colocación orixinal e foron mellorados no seu aspectos aínda que queda algúns rotos, que serán reemprazados por outros no proceso de substitución que están a realizar en todo o termo municipal.

abadín



O Concello inviste en vías de Louside e Gontán

O Concello de Abadín licitará diferentes obras de mellora de camiños con cargo ao Agader. Así, investirán 84.814 euros que se destinará para o aglomerado de varias pistas e camiños como o de Louside e Gontán de Arriba.

Para estas obras utilizaranse 70.095 euros do organismo autonómico e 14.719 das arcas municipais. Os traballos consistirán na mellora e mantemento dos camiños nas citadas parroquias xa que se atopan en mal estado polas inclemencias meteorolóxicas e a

súa antigüidade.

Procederá á compactación dunha capa de mestura asfáltica en quente de cinco centímetros e ao posterior pintado da calzada, igualmente limparanse cunetas.

As empresas interesadas en facerse cargo destas obras teñen ata o luns 16 de agosto para presentar as súas ofertas, e o prazo de execución deberá ser dun mes.

Está previsto que as obras se inicien antes do verán, segundo indicou o alcalde.

outeiro de rei

Convocados cursos de cosmética, ioga e de emprendemento rural

O Concello de Outeiro de Rei en colaboración coa Deputación de Lugo e Terras do Miño pon en marcha un curso de cosmética orgánica e artesanal. É presencial e de carácter gratuito. O curso terá lugar o 11 de setembro en horario de mañá de 10:00h. a 14:00 horas no Centro Cultural. Hai 12 prazas, tendo sempre preferencia as persoas empadroadas neste municipio. Pódese acadar máis información no teléfono 982 39 34 08 ou nas oficinas da casa da cultura.



con Alberto Sánchez, organizador, no teléfono móbil 651 070 344.

GDR. O centro sociocultural acolle do 27 de setembro ao 1 de outubro un curso sobre emprendemento no rural. Será en horario de 10.00 a 14.00 horas e para participar será necesaria a previa inscrición na páxina web do GDR.

IOGA. O mesmo sábado 11 de setembro impartirase unha clase de ioga. O horario é de 10 da mañá a 1 da tarde e o lugar o campo de fútbol de Gaioso. É obrigatorio o uso da máscara durante toda a clase e debe levar cada un a súa alfombra. A participación é totalmente gratuita. Este evento é organizado por Decathlon e os que desexen máis información poden poñerse en contacto

OBRADOIROS. A Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer, en colaboración co concello de Outeiro de Rei, organiza uns obradoiros para as persoas maiores para a prevención e tratamento da soidade non desexada. Estes terán lugar os mércores en horario de 12:00 a 13:00 horas no salón de actos de casa de cultura ou no centro cultural de Outeiro de Rei.

Os obradoiros serán sucesivamente de autocoidado, risoterapia, estimulación sensorial, automasaxe, relaxación e pilates terapéutico celebrándose dúas xornadas por cada temática.

A data de inicio será o 22 de setembro co de autocoidado e se prolongarán ata decembro que finaliza o día 1 con pilates terapéutico.

Os obradoiros serán en grupos reducidos entre 5 e 10 persoas e para anotarse nestas actividades poden chamar ao Concello preguntando por Cruz ou Blanca.

Organizan unha charla sobre a nova tarifa eléctrica

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) ten programadas charlas para informar sobre a nova tarifa eléctrica. Estará o 22 de setembro en Outeiro de Rei.

Esta campaña ten por obxecto facilitar aos consumidores a información necesaria para aforrar na factura da luz tendo en conta os tres períodos horarios que contempla a nova tarifa implantada polo Goberno central –val, chaira e punta–, así como resolver dúbidas relacionadas, por exemplo, coa contratación de potencia ou o novo recibo da luz.

Neste sentido, lamentouse que a previsión de abaratar o recibo doméstico nun 4,8%, quedara nun 2,5% tras o acordo do Consello de Ministros, e instou ao executivo do Estado a asumir as súas responsabilidades, atopar solucións e escoitar ás comunidades autónomas.

Dentro desta campaña informativa, Consumo traballa tamén en novos contidos dixitais e interactivos na súa web.

Unha axuda da reserva da biosfera destinarase á ruta Miradoiro



Un dos puntos de protección ambiental

Outeiro de Rei, xunto a outros concellos da contorna, recibirán axudas como apoio nas tarefas de conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na súa reserva da biosfera Terras do Miño.

O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución cos resultados da terceira convocatoria deste programa de axudas, a de 2021, que no conxunto das seis reservas declaradas na Comunidade se resume na concesión de 27 axudas a outros tantos concellos, por un

importe de case 600.000 euros. Un total de 13 deses municipios teñen parte do seu territorio nunha das tres reservas da biosfera lucenses e beneficiarase dunha subvención para enriquecer as condicións medioambientais e paisaxísticas

Un total de seis dos municipios que conforman a reserva Terras do Miño recibirán outras tantas subvencións, cun importe global de 125.127 euros. En Outeiro de Rei, a contía, 8.333,33 euros irá para actuacións de mellora na ruta Miradoiro da Terra Chá.

rábade

O festival itinerante Todos os camiños pasará pola vila



Unha imaxe dos tres artistas que actuarán en Rábade

O festival itinerante, Todos os camiños, promove o turismo e a promoción do Camiño de Santiago como destino cultural por medio de concertos de distintos artistas galegos comezou en Lugo o domingo 29 de agosto.

Este evento continuará na praza de España de Rábade o próximo

24 de setembro ás 21.00 horas e poderase desfrutar do concerto de Iria Estévez, Artur Caldeira e Daniel Paredes. Estévez é unha das máximas expoñentes no Fado, invitada habitual en Braga, Oporto e Lisboa dentro das xornadas de intercambio galaico-portuguesa, Festival Convergencias e outros.

A escola Música Crisanto abriu xa o prazo de inscrición nos 4 concellos

A escola de música Asociación Música Crisanto de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol abriu o prazo de inscrición para o curso 2021-2022.

Como en cursos anteriores, realízase preferentemente por internet, a través do formulario dispoñible na web da escola. Tamén pode realizarse esta inscrición contactando coa administración da Asociación Música Crisanto no teléfono 678 800 245 ou presencialmente no Centro Sociocultural de Rábade en horario de oficina (consulte con anterioridade). Os/as habitantes de Friol tamén poderán acudir presencialmente á Casa do Concello de Friol para realizar a matrícula.

No formulario xa é posible escoller unha proposta de horarios para as clases individuais ou compartidas no mesmo momento da inscrición. A Escola ou o profesor contactarán co alumno ntes do inicio do curso para confirmar o horario definitivo. Ademais, debido á situación actual, existirá tamén a posibilidade de decidir se desexaría continuar coas clases de modo virtual no caso de que as cla-

ses presenciais se teñan que volver suspender durante algún momento do novo curso.

Nesta Escola pódense cursar materias individuais (instrumento), de polo menos 1 hora de duración. En casos en que se requira, tamén se poden cursar clases de media hora (duración mínima ofertada) ou compartidas entre 2 ou 3 persoas (1h), previa autorización do profesor. Tamén se poderá escoller, xa no formulario de inscrición, unha proposta da súa preferencia de horarios, seleccionando dous tramos consecutivos de media hora. A proposta será confirmada unha vez remate o prazo de inscrición.

Tamén existen materias colectivas ou grupais (a partir de 4 persoas), que son de horario fixo. Asegúrese de que anota o horario e lugar de todas as materias grupais ás que quere asistir para que non coincidan coa súa proposta de horarios para as materias individuais e para que as aulas onde se imparten non queden moi afastadas entre si, en clases consecutivas.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
 Transformacións agrarias
 Desbroces y plantacións de montes
 Servicio de podas
 San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



EN BREVE


EXCURSIÓN. A asociación Aquilino Iglesia Alvareiro de Muimenta organiza unha excursión a Paradela e Portomarín para o 16 de setembro. Esta viaxe, totalmente de balde, percorrerá o mazo de Santa Comba, a igrexa de San Facundo de Ribas de Miño e miradoiro e embarcadoro do Miño, en Paradela, a vila de Portomarín e os seus monumentos así como Castro de Castromaior. Os asistentes contarán con xantar e guía durante a xornada, que terá saída do centro médico de Muimenta ás 8.45 horas. A inscrición pode realizarse na Mercaría Teresa. Só hai 20 prazas dispoñibles debido ás restricións actuais.

INSCRICIÓN. Asubíos da Chaira abriu o prazo de inscrición para o próximo curso, prazo que permanecerá activo ata o día 13 deste mes. Esta formación está dirixida a persoas a partir de 3 anos e sen límite de idade que poden aprender no grupo a tocar a gaita, pandeireta, acordeón, tamboril, bombo ou mesmo as cunchas. Os interesados en inscribirse poden facelo a través do teléfono 628 631 557 ou nas redes sociais do grupo.

ROTEIRO. O sábado 11 de setembro, as entidades culturais da Terra Chá e de concellos lindeiros levarán a cabo unha nova acción reivindicativa para esixir a necesidade de recuperación da torre de Caldaloba. As asociacións fan un chamamento para participar nun roteiro circular, de oito quilómetros e de dificultade baixa, que sairá, ás 11 horas, da propia torre de Caldaloba e percorrerá a súa contorna. A camiñada, dinamizada por Orlando Viveiro, estudoso do patrimonio cultural e popular chairago, pasará polas parroquias de Pino (Cospeito) e Xoibán (Vilalba). Logo do roteiro, as persoas participantes, e todas aquelas que se queiran achegar, celebrarán contra as 14 horas, un xantar (cada persoa terá que traer a súa propia comida) ao pé da propia torre e unha posterior foliada.

OBRAS. Remataron obras de mellora de camiños e vías municipais cun orzamento de 330.000 euros procedentes da Deputación, das arcas municipais e do Plan Marco. Así, melloraron os accesos dende a LU-113 ao núcleo da Veiga de Pumar e ao de Momán de Arriba así como o acceso a Costa Zapateira, cunha inversión de 57.952 euros. E un segundo paquete de obras para as pistas municipais que une Roás con Ponte do Somo, a LU-111 de Rábada a Moncelos e a LU-113 de Rozas a Abadín. Tamén mellorouse unha parte da estrada que dá acceso a igrexa de Santa Cristina, no barrio de Vilasuso e no de Seixas e o núcleo de Paredes. Así como a estrada limítrofe con Begonte ata a parroquia de Arcillá.

O PSOE denuncia a falta de facultativos e o estado dunha consulta



Os socialistas denunciaron a situación da atención sanitaria que está a atravesar o Concello, que normalmente conta con cinco médicos e que durante o mes de agosto só tivo dous en activo, debido a que se non se están a cubrir as vacantes. Os sistema sanitario conta con 4 facultativos en Feira do Monte e un en Muimenta, pero ata o 6 de setembro, esta última estivo sen asistencia médica e no primeiro, que ten catro, só quedaron traballando dous. Tamén as consultas de enfermería estiveron mermadas, houbo consulta en Muimenta e na Feira do Monte pero de catro que son tan só había dous. “Parécenos un abandono máis do rural, cunha poboación moi maior e moi dependente dos médicos, es-

tes teñen moitas saídas a domicilios polo que se lles fai moi difícil conciliar consultas con saídas, incluso moitos usuarios non saben como facer para conseguir os medicamentos habituais e necesarios, porque tampouco dan citas para consultas telefónicas. Por todo isto, moitos optan por adiantar eles o custo e collelos na farmacia”, explican. Os socialistas tamén quixeron pedir que se arranxe “canto antes”, unha das consultas do centro de saúde de Feira do Monte, a que se atopa na planta soto. Segundo indican “atópase nun estado tercermundista con humidades e óxidos, que parece ser que se olvidaron de reparala co resto das estancias e leva así xa tempo, cada vez peor”.

Acometerán unha restauración ecolóxica da lagoa de Cospeito



A lagoa será sometida a un proxecto de restauración ecolóxica que a Xunta ten previsto acometer con cargo aos fondos europeos do Plan de recuperación galego. Dentro das accións comprometidas para a conservación e mellora do patrimonio natural figura un importante proxecto de rexeneración na lagoa de Cospeito co obxectivo de fortalecer elementos clave para este espazo que determinan a súa dinámica natural e biodiversidade. A actuación de restauración ecolóxica na lagoa xorde da experiencia acumulada nestes anos e á espera

de que se concreten os detalles unha vez redactado o proxecto —para o que se contará coa colaboración e asesoramento do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader)— incluírá tarefas de mantemento e adecuación nas presas e no corredor fluvial así como melloras na sinalización. Disporanse en total de 21,6 millóns de euros procedentes dos fondos europeos para financiar distintos proxectos e actuacións en materia de conservación e restauración dos ecosistemas e da súa biodiversidade, entre eles a lagoa.

A Asociación de Pino organiza unha xornada festiva en Caldaloba

Despois dun parón forzoso por motivo da covid-19; a Asociación Recreativa Cultural de San Martiño de Pino inicia as súas actividades coa realización do I Magosto Calda Loba, o cal se tivo que pospoñer o pasado ano. Tendo en conta as medidas sanitarias vixentes e co rexistro dos asistentes terá lugar o próximo 23 de outubro de 2021. Este magosto contará cun amplo programa de actividades que se iniciarán ás 11.00 horas e que comezarán cunha andanina dende a escola do Mato ata o castelo de Caldaloba coa vestimenta de época. O pregón estará a cargo de Martiño Maseda e farase entrega do título honorífico Constanza de Caldaloba a Xesús Rábade Paredes. Debido á situación sanitaria non haberá comida pero pola tarde, a partir das 15.30 horas, haberá recitais poéticos, contos a cargo de José Manuel Pena Regueiro e un xogo infantil de busca do tesouro para rematar coa celebración do magosto, que estará amenizado por música tradicional. Será preciso inscribirse antes do 17 de outubro nos teléfonos da asociación: 664 464 939, 608 922 3345 e 633 906 517.



CONCURSO. Nesta data tamén se dará a coñecer o fallo do I Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e o I Certame de Caligramas Constanza de Castro, convocados en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es.

O Certame de Caligramas ten como obxectivo reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira, ademais de promover a creación artística. O obxectivo será crear debuxos con textos. Neste concurso poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos cunha única obra que será en formato e temática libres. Para os menores de 12 anos está previsto o I Certame de Debuxo Infantil con formato e temática libres. O prazo de presentación rematará o 10 de outubro e esta farase no correo electrónico asociacionpino@gmail.com que se enviará en sobres respectando o anonimato do concursante. O premio consistirá en senllos diplomas e un bono agasallo para o primeiro e un lote de produtos locais para o segundo no caso dos maiores e de material de debuxo no caso dos menores de 12 anos.

Completado o saneamento en tres parroquias do municipio

A rede xeral de abastecemento do municipio de Cospeito xa é propiedade do Concello tralo acto de entrega das obras por parte da Xunta de Galicia. As obras consistiron na extensión do servizo a nove núcleos de poboación das parroquias de Santa María de Cospeito, Xermar e Roás. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, investiu 592.000 euros neste proxecto, que serviu tamén para lograr unha mellora global da rede en aspectos como a cloración, medición de caudais e xestión informática dos datos. O abastecemento no municipio realizouse en tres fases, que supuxeron un investimento conxunto de preto

de 2,9 millóns de euros. Está composto por dous sistemas independentes, o de Rabadá e o das Paincegas (Muimenta), asociado cada un deles a unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) propia. O último proxecto executado consistiu na conexión de Santa María de Cospeito co sistema da potabilizadora de Rábada mediante unha tubaxe que tamén abastece a Fonte e Xermar. Por outra banda, executouse unha segunda condución xeral conectada co sistema da potabilizadora das Paincegas, que abastece a Roás. Por último, construíronse ramais secundarios que dan servizo a Xermar norte e sur, A Covela, A In-sua, Riveso-Santalla e A Fonte.



A residencia de Meira

Ultiman a equipación da residencia de maiores para abrir en outubro

A residencia de maiores de Meira ultima os preparativos para a súa apertura no mes de outubro. Así o confirmou o tenente de alcalde, Agustín Méndez, que asegurou que a dotación de mobiliario da residencia está a piques de terminar xa que só quedan “algúns detalles”. Tamén avanzou que están a realizar a contratación do persoal estes días para que todo esté listo á hora de abrir.

O Centro de Atención a Maiores (CAM) neste municipio, dependente da Deputación, contará con 30 prazas de residencia, ampliables a 38 se fose preciso, e 20 de centro de día. De feito, xa está

aberto o prazo para presentar as instancias de solicitude.

A de Meira sumarase ás outras residencias de maiores postas en marcha pola Deputación nos últimos anos en Pol, Ribadeo, Trabada, Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro.

Por outra banda, a Xunta de Goberno da Deputación deu luz verde á adxudicación do último lote pendente, o de cortinaxe, do contrato para o subministro de equipamento do Centro de Atención a Maiores de Meira. Foi adxudicado por 11.276 euros á empresa Rafitextil DTT 3.8, S.L.

Avanzan na construción do miradoiro do Pedregal de Irimia



José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, CHMS, organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e o alcalde de Meira, Antonio de Dios, rubricaron o Convenio de colaboración que posibilitará a execución do proxecto de Centro de Interpretación do Alto Miño en O Pedregal de Irimia.

O investimento total estímase en 220.000 euros, a sufragar pola CHMS, pola súa banda, o Concello de Meira achegará os terreos necesarios para a execución do proxecto. O Pedregal de Irimia é un enclave hidrográfico natural situado na ladeira oeste da Serra de Meira, a 3 quilómetros da capitalidade do municipio. As actuacións consisten na construción dunha edificación de planta baixa, cunha superficie útil aproximada de

150 m², sobreelevada sobre a rasante do terreo, con materiais da zona, para dedicar a miradoiro, situada nas inmediacións do Pedregal, así como as actuacións complementarias que permitan achegarse ao pedregal de forma segura para escoitar o son da auga baixo as pedras; ademais, construírse un aparcamento.

“Con esta iniciativa pretendemos complementar o centro de interpretación do Alto Miño, que construiremos en Fonmiñá, todo iso co interese de potenciar os valores ambientais e paisaxísticos da cabeceira do Miño” incidiu o presidente.

O presente convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán o financiamento, redacción do proxecto, posta ao dispor dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega para a xestión, o mantemento e a conservación.

Xa está operativa a web para reservar hora na pista de pádel

O Concello de Meira rematou xa as obras de construción da pista de pádel, que está situada ao lado da nova área de autocaravanas, inaugurada no ano 2019.

O Concello abriu xa unha páxina web na que os usuarios de Meira poderán facer a súa reserva on line. Trátase da web <https://m.padelconcello.meira.pistas-online.com/>, na que poderán reservar cada veciño unha hora e medida por partido, como moito dúas veces ao día de forma consecutiva. Para calquera dúbida sobre a reserva pode chamarse ao Concello mentres se espera a elaborar a normativa de uso, que se fará efectiva nos próximos días.

As obras foron financiadas cunha aportación da Xunta de Galicia, dende o departamento de Deportes, e tiveron un orzamento de 28.000 euros, dos que o ente autonómico aportou 20.000 e o resto foi con cargo aos fondos propios do Concello.

A obra conta nun primeiro momento con facer o peche da pista e a intención do Goberno local é cubrila en canto sexa posible, tal e como explicou o concelleiro responsable desta área, Agustín Méndez.

“O obxectivo será poder cubrirla para utilizala de cara ao inverno, para o que buscaremos tamén financiamento”, indica Méndez.

O PSOE denunciou a “falla total de transparencia do alcalde”

O voceiro socialista, José García, denunciou a falla total de transparencia do alcalde por non facilitar a información e expedientes do Concello, tal e como recolle a propia lexislación. García lembra que presentou un escrito o pasado 25 de xuño no rexistro no solicitando copia e acceso a diversos expedientes, “pero lamentablemente 2 meses despois seguimos sen ter nin unha soa resposta do alcalde”, criticou.

Demandou unha relación dos núcleos e barrios que están conectados á rede municipal de augas en Ferreiravella, así como o número de usuarios. Solicitou tamén o informe do secretario sobre as normas e distancias das plantacións de camiños municipais, e coñecer os ingresos polo aluguer do mazo de Ferreiravella. García sinala que “o alcalde ten que ser transparente e facilitar a información que solicita o grupo socialista, ou é que ten medo a algo?”, adver-



Os concelleiros socialistas

tiu. Ademais argumenta que o artigo 14 de Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, puntualiza: tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

O riotortense Luis Iglesia será homenaxeado na Semana de Cine de Lugo

A XLIII Semana de Cine de Lugo homenaxeará ao actor riotortense, Luis Iglesia Besteiro, xa que este ano o grupo Fotográfico Fonmiñá vai publicar un libro homenaxe a Luis Iglesia, obra de Manuel Curiel, director da Semana.

Así, o nome do homenaxeado figurará nunha placa no Paseo do Cine de Lugo sita no Parque de Frigsa, no que xa teñen placa Luis Tosar, Antonio Mourellos, Prudencia Griffell e Carmen Correa. Asimesmo neste paseo se incluírá unha placa que lembre a figura de Frank Braña, o actor que máis veces morreu no cine español, e que participou na homenaxe que se lle rendeu na Semana de Cine do ano 2007.



O riotortense Luis Iglesia

Habitualmente, en cada Semana de Cine vense honrando a destacados lucenses e galegos do cine. A XLIII Semana de Cine de Lugo celebrarase na capital lucense do 20 ao 25 deste mes de setembro.

Organizan un roteiro e un concerto en Santa Comba de Órrea para o día 12 de setembro

A Asociación de Veciños de Santa Comba de Órrea, no Concello de Riotorto, celebrará o domingo 12 de setembro un roteiro polos regos e as fontes da localidade. Para participar será necesario inscribirse previamente no whatsapp 618 480 957, preferentemente antes do 10 de setembro, ás 22.00 horas.

A ruta dará comezo ás 10.30 horas dende o campo da festa e rematará no mesmo lugar ás 13.00 horas. Repartirase entre os asistentes un refrixerio gratuito ao final do percorrido.

Como complemento, ás 13.30 horas, terá lugar a actuación do grupo tradicional Toleache pola Peneira, de Vilalba, que ofrecerá un concerto no campo da festa dentro do programa Musiqueando pola provincia de Lugo, da Deputación.

TERRA CHÁ

Licitadas as obras da estrada que une as vilas da Pastoriza e Muimenta

A Deputación de Lugo vén de aprobar a licitación de obras de mellora na estrada provincial LU-P-4401, que une o concello da Pastoriza coa localidade de Muimenta, en Cospeito. Esta actuación contará cun orzamento base de 304.251€ e beneficiará a tres concellos da comarca da Terra Chá: A Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei.

A actuación levarase a cabo en toda esta estrada provincial, con 10,925 quilómetros de lonxitude. Os traballos consistirán na

rexeneración do aglomerado por tramos e na reposición da pintura nos preto de 11 quilómetros da vía, mellorando a súa seguridade e comodidade de xeito integral. Unha vez iniciadas, o prazo de execución é de 6 meses.

A institución provincial suma esta nova actuación na súa rede de estradas, a máis longa de España, dentro da aposta do Goberno pola mellora da mobilidade para favorecer o reequilibrio territorial, especialmente en zonas rurais.



Estudantes da UNED Sénior, nunha das súas actividades deste ano

Segue aberta a matrícula na UNED

Ata o 21 de outubro continúa aberto o prazo de matrícula na UNED para estudos de Grao, Máster e Acceso á Universidade para maiores de 25 e 45 anos. Este ano ampliouse moito a oferta de Microtítulos con respecto ao curso pasado, ofertándose un total de 12 Microtítulos de Grao e un Microtítulo de Máster, algúns deles aprobados recentemente no Consello de Goberno de 6 de xullo. Así, segue poderán matricularse nos micrograos de Historia de España; Aproximación aos Estudos Ingleses: Lingua, Literatura e Cultura; Historia, Cultura e Pensamento na Idade Moderna; Historia, Cultura e Pensamento Contemporáneo Século XX; Antropoloxía Prehistórica; Estudos da Antigüidade; Estudos Medievais; Lóxica, Historia e Filosofía da Ciencia; Retos das Sociedades no Horizonte dos Obxectivos

de Desenvolvemento Sustentable; Estratexias fronte ao Cambio Climático; Lingüística Inglesa; Marketing e Estratexias Comerciais e Bioloxía Humana. A matrícula efectuarase unicamente a través de Internet.

A UNED Sénior tamén mantén aberto o prazo de preinscrición para as materias do primeiro cuatrimestre de curso, que terá lugar do 4 de outubro de 2021 ao 20 de xaneiro de 2022.

O programa de formación Sénior UNED retoma as clases do primeiro semestre no que se impartirán 6 materias que inclúen temas actuais e estratexias de desenvolvemento persoal. As clases serán presenciais nas aulas habituais nos distintos concellos onde se imparten as clases UNED Sénior A Coruña, respectando a capacidade estipulada polas autoridades sanitarias ante a covid-19.


A provincia supera a quinta vaga da covid cos gromos controlados

A quinta vaga, coa vacinación xa moi avanzada, deixou claro que a covid non está superada e que a vacina ten unha función de eliminar os riscos da enfermidade pero non evita o contaxio. De feito, a nova variante, que se expande con gran rapidez foi a causante desta última vaga, que atopou na mocidade un lugar fértil para chegar de novo a todos os rincóns. A provincia de Lugo non quedou allea a esta corrente e tivo que ver como asolaba de novo.

Os casos subiron rapidamente durante o verán aproveitando a relaxación das medidas e o tempo de ocio malia que a vacinación chegou a practicamente toda a poboación adolescente, que xa conta con algunha dose.

Tamén volveron as defuncións, practicamente reducidas á xente maior, unha vintena, ao mesmo tempo que aumentou a hospitalización aínda que agora, son a xente moza a que tivo que acudir aos hospitais.

Tamén volveron as restricións aos concellos. Os gromos detectáronse en diferentes lugares o que provocou un aumento de casos rápido e levou aos diferentes concellos a situarse en niveis de alerta, incluso, como no caso de Monforte, en máxima.



Pero chegouse novamente a un punto de inflexión que provocou unha nova baixada de casos que primeiro foi moi lenta e logo acelerou de forma sorprendente chegando a superar a barreira do milleiro de casos activos.

Coa baixada de casos comezou tamén o alivio das restricións novamente. De novo a provincia de Lugo respira con máis tranquilidade con sete concellos en alerta media e un en alta. Na comarca chairega Castro de Rei é o único que segue en alerta pero mellorando as cifras día a día.

Por outra banda, volveron cambiarse as restricións ampliando aforos en terrazas e interior dos locais e mesmo ampliando o lecer nocturno, o máis castigado pola pandemia.

Para seguir avanzando nesta liña, o conselleiro de Sanidade avanzou que haberá un novo protocolo para a hostalaría e que consistirá en establecer dous niveis de seguridade, o medio e o máximo, que non estarán relacionados coa situación de alerta na que se atope o concello e será o propio local o que decidirá en que grao estará situado.

Guitiriz e Castro de Rei entran no reparto de fondos das ARIS

Por primeira vez Guitiriz e Castro de Rei entran no reparto de fondos destinados a financiar distintos tipos de actuacións de recuperación e urbanización nas áreas de rehabilitación integral (ARI).

Así, disporán de 151.000 euros cada un para financiar as primeiras actuacións dentro do ámbito das súas novas ARIS. Estes fondos poderán destinarse á concesión de axudas aos propietarios de vivendas e de edificios a rehabilitar así como ao propio concello

No caso de Guitiriz, cómpre lembrar que desde finais do ano 2020 conta coa Área de rehabilitación integral do Buriz e Os Vilares, mentres que a primeira e única ARI de Castro de Rei foi declarada o pasado mes de febreiro. Ambos concellos solicitaron financiamento con cargo á anualidade 2021 e finalmente foron incluídos no reparto, de xeito que recibirán 151.000 euros cada

un para poder empezar a intervenir nestas zonas.

O proxecto presentado en Guitiriz implicou un traballo previo de documentación para identificar as vivendas e espazos públicos con máis necesidade e interese para a súa rehabilitación. Así, este proceso afectará a 10 núcleos entre Os Vilares (As Reixas, Drada, Vilariño dos Cregos e Casanova de Vilariño) e O Buriz (Bustelo, Carelo, Portelo, A Forxa, O Buriz e A Graña-Ventisca), sumando un total de 93 vivendas e 5 edificios dotacionais dos que 2 son de uso educativo e/ou social e os 3 restantes son relixiosos.

Unha vez aprobado o ARI, ten que ser dotado de fondos por parte do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia para que os veciños e veciñas poidan optar a unha serie de axudas para a rehabilitación das vivendas nas que residan. Isto ocorrerá previsiblemente ao longo do

ano 2021.

As obras subvencionables poderán ser: reparación de fachadas e cubertas, mellora de salubridade, mellora de illamento, mellora de accesibilidade, mellora enerxética, cambio de ventás e eliminación de radón.

Unha vez dotado de fondos o ARI o Concello de Guitiriz creará unha oficina técnica para a que se destinan 74.782,75 euros e que permanecerá durante un ano para axudar aos veciños a tramitar as súas solicitudes de rehabilitación. Está previsto que haxa persoal administrativo, delineante, un arquitecto técnico e un arquitecto superior.

Ademais, os concellos recibirán tamén subvencións para executar pola súa conta actuacións de urbanización e reurbanización de espazos públicos no ámbito da ARI, cun importe de ata 2.000 euros por cada vivenda rehabilitada.

Caballero reclama atención ao rural na visita a Pol e A Pastoriza

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, reclamoulle hoxe ao presidente da Xunta que “poña máis fondos nas mans dos concellos” para garantir a reactivación económica a favor dos veciños e das veciñas. Así o dixo na rolda de visitas aos concellos de Castroverde, Pol e A Pastoriza xunto aos seus alcaldes, José María Arias, Lino Rodríguez e Primitivo Iglesias, respectivamente.

O líder dos socialistas galegos advertiu de que “non haberá reactivación en Galicia se a Xunta non apoia aos concellos do rural”. Lembrou o amplo marxe de manobra do que dispón o goberno galego precisamente neste ano, no que o goberno galego ten recibido máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios procedentes do Estado para facer fronte ás consecuencias da pandemia.

Caballero sinalou que “a Xunta está abandonando a reactivación da Galicia rural porque o PP carece de modelo, de estratexia e de medidas”.

Reivindicou máis marxe orzamentaria para os pequenos concellos galegos “que defenden a reactivación económica e o benestar dos veciños e das veciñas da provincia de Lugo”. O goberno de Feijóo debe dar “mais fondos aos concellos de Galicia” en vez de aplicar recortes ao “municipalismo que resolve asuntos competencia da Xunta que esta non fai”.

Así mesmo, reclamou o compro-



Gonzalo Caballero con Primitivo Iglesias, alcalde da Pastoriza

miso da Xunta cos servizos públicos na Galicia rural, así como medidas para o desenvolvemento agrogandeiro e industrial e a xeración de emprego na Galicia interior.

POL. Por outra banda, Gonzalo Caballero tamén visitou o concello de Pol, acompañado do seu alcalde, Lino Rodríguez. Fíxoo precisamente o día no que se debería ter celebrado a Festa do Emigrante, aprazada este ano pola pandemia. Gonzalo Caballero gabou o impulso que está a experimentar o municipio coa xestión do rexedor socialista e visitou o desenvolvemento das novas instalacións deportivas do municipio.

A PASTORIZA. Finalmente, no Concello de A Pastoriza, Gonzalo

Caballero mantivo un encontro co alcalde, Primitivo Iglesias.

O secretario xeral dos socialistas galegos expresou ao seu apoio ás reivindicacións do alcalde cara a Xunta de Galicia. Nun dos concellos do país con maior peso do sector agropecuario, dende A Pastoriza reclámaselle ao goberno galego que se poña en marcha un servizo veterinario no municipio, para prestar servizo ás gandeiras e gandeiros da zona.

Tamén se lle demanda á Xunta unha maior aposta polo desenvolvemento industrial e que se manteña a calidade asistencial no eido da sanidade pública, e de maneira concreta na atención primaria, algo fundamental nun concello cun elevado índice de poboación envellecida.

O SLG entrega en Xermade 248 alegacións contra o proxecto eólico

O Sindicato Labrego Galego realizou xa varias accións para mostrar a súa disconformidade coa construción de dous parques eólicos en terras da Reserva da Biosfera. Trátase de dous proxectos que de se concretar virían instalar 58 aerogeneradores de entre 180 e 200 metros de altura nos montes da Serra da Loba, nas estremas occidentais da Terra Chá, e mesmo ao pé -nomeadamente o PE Mistrá'- da zona protexida polo Parque Natural das Fragas do Eume. Os proxectos ocuparían terras nos concellos de Guitiriz, Xermade e Vilalba, que fan parte da Reserva Terras do Miño. Ademais, unha nova liña de alta tensión atravesaría As Pontes dende a subestación do proxecto PE Santuario até a Central Térmica. Diante destes “novos proxectos de espolio”, que teñen en trámite de información pública os estudos de impacto ambiental e autorizacións administrativas previas para cada un deles, o SLG solicita a intervención do Consello Científico do Comité Español do MaB.

Así, ademais das accións pertinentes membros do Sindicato fixeron a primeira entrega de alegacións contra o proxecto eólico Santuario, fíxose en Xermade, onde se entregaron as primeiras 248 pertencentes a afectados de varios concellos. Membros do sindicato están a visitar a zona e facer reunións cos



veciños para axudalos a presentar as súas alegacións. Aseguran que nos próximos días continuarán con este proceso de recollida. Os sindicatos afirman, que ademais das entregadas por eles, os veciños e veciñas dos tres concellos afectados están presentado tamén as propias sen intermediarios. De feito, mesmo no Concello de Guitiriz preparouse unha oficina que funciona estes días con esta finalidade.

“Achamos que a protección dun territorio catalogado como Reserva da Biosfera é totalmente incompatible con este tipo de instalacións, representantes dun modelo tremendamente agresivo co medio ambiente e coa actividade agraria sustentábel e pegada ao territorio”, explican dende o SLG.

Lugauto estará este mes no Salón do Automóbil



Lugauto Participará no Salón do Automóbil de Lugo que se celebrará entre os días 17 e 19 de setembro no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Para o evento Lugauto levará unha ampla representación de toda a gama actual de BMW, desde os últimos modelos da Serie 4 Coupe e Serie 2 Gran Coupe ata

o novo BMW iX3, a versión 100% eléctrica do BMW X3 que acaba de presentarse co novo facelift ao igual que a carrocería do BMW X4. Para os días do Salón do Automóbil de Lugo, Lugauto ten preparadas unhas atractivas promocións, tanto de produto como de financiación.

Cortan ao tráfico un tramo da LU-170 tres meses para as obras

A AG-64 entre Vilalba e Cabreiros recupera a circulación coa fin das reparacións

A Xunta de Galicia reabriu ao tráfico a autovía AG-64 (Ferrol-Vilalba) logo de rematar as obras de reforzo do firme executadas nun tramo de 13,4 quilómetros entre a intersección coa Autovía do Cantábrico A-8, no municipio vilabés, e o enlace de Cabreiros. Ao mesmo tempo, proseguen as obras na LU-170 entre este punto e Xermade. Destínanse en total 1,4 millóns de euros a ambas actuacións, que suporán a mellora de 19 quilómetros de estrada, 12 deles no concello xermadés.

No que respecta ás obras da autovía, destináronse máis de 1 millón de euros á actuación, executada en dúas fases; hai uns meses completouse o arranxo da estrada en sentido Vilalba e foi preciso esperar

ao verán para continuar cos carrís en sentido Ferrol, xa que as características da actuación facían necesaria a súa execución en condicións axeitadas dende o punto de vista meteorolóxico.

As obras da estrada LU-170 entre Xermade -na intersección da Pena- e Cabreiros contan cun investimento de 450.000 euros e mellorarán o firme en 5,5 quilómetros ata empatar co tramo xa rehabilitado pola Xunta hai uns anos. Esta actuación ampliou desde os 5 ata os 7 metros a plataforma da estrada, incluíndo a rehabilitación do firme, acondicionamento das interseccións coas vías públicas, mellora da sinalización horizontal e vertical, balizamento e defensas e o sistema de drenaxe.

CORTE DURANTE TRES MESES. As obras de mellora da estrada LU-170 obrigarón a pechar ao tráfico este tramo entre Xermade e o enlace da estrada ata que se dean por rematadas as actuacións, cuxo prazo previsto é de tres meses.

A Xunta de Galicia investirá nesta obra un total de 380.000 euros para centrarse no acondicionamento dun tramo de 5,5 quilómetros, dende a intersección da Pena ata Cabreiros. Os traballos consistirán en estender unha nova capa de rodadura nos treitos que presentan mal estado, para incrementar a adherencia e reforzar a seguridade. Tamén se levará a cabo unha limpeza das cunetas e se reporá a sinalización vertical e horizontal na vía.

AGRO

ELISARDO BARCALA

Volta ao cole 2021

Imos aló!!!



Lá e ovellas

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Puntos a ter en conta cando se crían ovellas: Hoxe imos falar de certos aspectos sobre a cría de ovinos a nivel básico.

As ovellas son ruminantes (é dicir realiza a rumia cun estómago complexo como vacas e cabras), polo tato a súa dieta ten que ser a base de forraxes, as ovellas son grandes transformadoras de forraxes incluso os de baixas calidades) o manexo alimenticio sobre todo nos forraxes debemos recordar que un exceso de leguminosas ou unha excesiva presión sobre os prados pode dar lugar a meteorismos (exceso de gas no tránsito dixestivo).

Outro punto a ter en conta é que o ovino, agás certas razas de orixe africana) están cubertas de lá, a lá é unha fibra natural que cobre gran parte do corpo de los ovinos e que a súa principal función é manter a temperatura corporal protexendo ó animal no inverno. Sin embargo, desde fai séculos quen se adican a gandería ovina teñen tosquiado as ovellas para manter ó animal san e poder utilizar a lá como un sistema de abrigo. Grazas a ela pódense confeccionar prendas de roupa como bufandas, xerseis ou abrigos que permiten abrigarnos con un tecido suave e resistente a las temperaturas

más extremas. As ovellas precisan recortar a lá, polo menos unha vez o ano, de xeito normal no verán xa que así evitamos que se acaloren e que enfermen. De feito, aproveitase esta época do ano xa que soe coincidir co levantamento da lá que é cando o pelo comeza a desprenderse da pel do animal de xeito natural. A diferenza do que se poida pensar, se a tosquia a realiza alguén adestrado na mesma a ovella non é mancada. Outra laboura que hai que coidar son os pezuños do animal, sobre todo os que andan toda a vida en terreo brande e non desgastan os mesmos, e este sobrecreemento fai que acumulen lama e pedras e causan infeccións nas extremidades.

Por último con respecto a prevención de enfermidades, é fundamental levar un control fronte a parásitos: no caso dos internos é fundamental a desparasitación fronte a nematodos (vermes redondos) que afectan o tránsito dixestivo e pulmonar e tamén fronte a fasciolose que é un trematodo que afecta o fígado e causa hepatites.

No ámbito preventivo tamén debemos ter en conta as vacinacións fronte as clostridioses e vasquilla que son enfermidades causadas por bacterias produtoras de toxinas que danan diversos órganos internos dos animais.

No caso das desparasitacións externas teremos en conta a piollos pulgas e carrachas e a prevención das sarnas.

O PSOE culpa a Feijóo da sobreproducción do lobo

A secretaria Provincial do PSdeG-PSOE e deputada Autonómica, Patricia Otero aludiu as declaracións da presidente do PP que xunto con outros representantes deste partido "voltaron a utilizar a hipocrísia en relación coa situación do lobo, co fin de tratar de avalar as responsabilidades exclusivas da Xunta e do Goberno do PP", lamentou.

Otero advertiu que Elena Candia "aproveitou o tema da clasificación do lobo como especie protexida para lanzar a pedra e agochar a man". Por iso puntualiza que "a protección aínda non foi aprobada e, polo tanto, nada puido ter que ver coa superpoboación actual deste animal no noso territorio, senón todo o contrario", advertiu.

Nesa liña remarca que "a sobreproducción do lobo débese ao absoluto abandono de responsabilidades da Xunta de Galicia no mandato do PP. Por unha banda, o Plan do Lobo aprobouse en 2008, incluíndo a obriga de revisalo nun prazo de 10 anos. Incumprimento flagrante deste plan, porque xa pasaron 3 anos do prazo sen que a Xunta levase a cabo ningunha revisión".

"Tampouco houbo novidades sobre o Foro Galego do Lobo, onde todos os sectores implicados e os obri-



gados pola lei tamén deben estar presentes en estudos zonais sobre o comportamento deste animal para revisalos cada cinco anos. Outro incumprimento máis do PP e da Xunta, xa que hai que lembrar que o último censo do lobo data do ano 2014", criticou a socialista.

"Noutras palabras, os fracasos do Goberno de Feijóo, para os que ata a data de hoxe carecemos de determinadas cifras sobre os rabaños que habitan o noso territorio foron os que impediron levar a cabo calquera acción para controlar este animal". Así as cousas "a situación actual corresponde exclusivamente ao abandono dos gobernos do PP, que

careceron de calquera iniciativa para afrontar o probable crecemento da poboación de lobos", espetou Otero. Por último a secretaria provincial dixo que "o PP, máis que adicarse a espallar falsidades, debería traballar para que o Goberno de Feijóo cumpra coa dilixencia de que hoxe carece para tramitar as axudas polas perdas producidas polos ataques dos lobos aos nosos gandeiros. Unhas axudas que non só deben incluír a avaliación da perda do animal, senón tamén debe incluír os beneficios perdidos; é dicir, a avaliación dos danos que a súa desaparición tempera causa á actividade produtiva dos seus propietarios", expuxo.

Denuncian á Xunta polo risco da liberación da caza do xabaril

Ecologistas en Acción Galiza califica de temeraria e anticientífica a medida aprobada pola Xunta de Galicia pola cal se libera por completo a caza do xabaril en 200 concellos, sen cota de extracción e sen período de caza.

A organización ecologista advirte que son diversos os estudos científicos, algúns deles feitos en Galicia, que asocian a siniestralidade nas vías de comunicación terrestre con especies cinexéticas. Así, o número de accidentes de tráfico con xabaríns ou corzos aumentan no período de caza cando os animais de ven desprazados fuxindo dos cazadores dende os seus territorios habituais.

Estes estudos aseguran que a resposta de especies como o xabaril perante á presión cinexética exercida polo ser humano é adiantar o período fértil das femias e aumentar

a taxa de natalidade. Deste xeito un aumento da presión cinexética sobre o xabarín, lonxe de controlar a súa poboación, provoca un aumento.

Ecologistas en Acción pon o foco tamén na seguridade do resto de usuarios dos montes galegos: "Pode a Xunta de Galicia garantir a seguridade de senderistas ou turistas cun período de caza extendido durante todos os días do ano?"

A organización ecologista reclama a instalación de pasos de fauna nos puntos de concentración de atropellos de fauna e a protección estricte do lobo en todo o territorio galego. Ecologistas en Acción amósase sorprendido de que a Xunta opóñase á protección do lobo e ao mesmo tempo anuncie unha suposta superpoboación de xabarín e corzo, principais presas do lobo.

Invisten uns 5 millóns na plantación de coníferas e frondosas

A Xunta investirá preto de 5 millóns de euros na plantación de coníferas e frondosas en máis de 2.500 hectáreas da nosa comunidade deica o final do vindeiro ano 2022.

No caso da provincia de Lugo, aglutina 53 expedientes favorables para a creación de 523 ha de novas superficies forestais grazas a preto de 935.000 euros en axudas, concedidas principalmente a comunidades de montes. Estes beneficiarios seguirán así os pasos da Comunidade do monte veciñal en man común de San Breixo de Parga, que plantou arredor de 14.000 piñeiros do país (Pinus pinaster) nun terreo de 13,73 hectáreas, en virtude dunha achega superior aos 18.000 euros concedida na convocatoria de 2017. A maiores, cabe sinalar que esta superficie foi obxecto dunha prima de mantemento en 2019, 2020 e 2021, por un importe total superior aos 13.130 euros.

DEPUTACIÓN

Financiará a construción dun parque acuático en Vilalba

A Deputación provincial financiará, cunha achega 682.149,60 euros, a construción dun parque acuático que ampliará as posibilidades de ocio da área recreativa da Madalena. O mandatario provincial cumpre deste xeito co compromiso adquirido cos veciños e veciñas de Vilalba de achegar o 80% do financiamento necesario para acometer este proxecto. O Concello achega o 20% restante, 170.500€, polo que o investimento total ascende a 852.687€.

O presidente subliñou que “estamos a falar dunha cantidade que supera a partida de medio millón de euros que este concello percibe da Deputación con cargo ó Plan Único neste ano 2021. Pero Vilalba, e esta iniciativa, ben merecen este esforzo”.

Contará con tres piscinas: unha infantil de 0,45 metros de profundidade, unha de natación para uso deportivo de 1,55 metros de profundidade máxima e outra recreativa cunha profundidade de 1,20 metros. No caso do vaso infantil,



Presentación do proxecto do parque acuático en Vilalba

complementarase con surtidores de auga que potencien e estimulen os xogos nesa área.

Tamén contará cun edificio de servizos que estará semisoterrado nunha ladeira de tal xeito que a súa presenza non obstaculice as vistas ao río nin sexa obxecto disonante no enclave natural. Nesta infraestrutura integraranse os cambiadores, os aseos, a sala de socorrismo, un almacén e unha zona para recepción.

Haberá tres zonas para tomar o sol, situadas a carón das piscinas.

A intención é que a transición dende a contorna da praia fluvial ao espazo propio das instalacións recreativas se conciba como un lugar único, integradas ambas zonas nunha soa. O proxecto tamén inclúe a construción dunha rampla que comunique a cota superior da plataforma coa da praza onde se dispoñen os servizos propios da praia.

Comeza a elaboración de orzamentos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou que a elaboración dos Orzamentos 2022 é unha das prioridades do novo curso político.

“Nos dous anos que levamos gobernando sempre conseguimos sacar adiante os presupostos dentro da anualidade anterior para telos en vigor en xaneiro. Este ano tamén o faremos así e traballaremos para poder aprobalos antes de que remate o ano porque os orzamentos son o documento que fixa as actuacións que seguirá o Goberno no ano seguinte”, recalcou o mandatario provincial.

Tomé Roca dixo que o Goberno seguirá colaborando cos concellos. “É unha das nosas liñas de acción prioritarias como Deputación, e así o demostramos nesta pandemia coas nosas políticas e decisións, adiantándonos en moitas ocasións ás súas necesidades, como foi o feito de facerlles chegar con antelación os fondos económicos dos impostos, por exemplo, e dando

soporte a aquelas necesidades que teñan”, explicou.

O mandatario provincial dixo que na folla de ruta do Goberno tamén está “seguir co Plan de Impulso da Economía da Provincia, desenvolvendo novos programas e iniciativas que axuden aos sectores produtivos máis afectados polas restricións da pandemia, e tamén seguir con outros novos programas que temos en marcha”.

Ademais, o presidente situou os servizos sociais e a atención socio-sanitaria como un dos principais obxectivos nos que continuar traballando no novo curso político. “No que queda de ano teremos dous novos Centros de Atención a Maiores abertos, en setembro o de Meira e a finais de ano o de Navia de Suarna”, anticipou.

A Deputación de Lugo ten en funcionamento a día de hoxe seis centros de atención a maiores, abertos en Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro.

Anuncian melloras para a rede de estradas

A Xunta de Goberno aprobou melloras para a rede de estradas da Deputación por un importe de 1,7M€. O órgano de goberno provincial sacou adiante a licitación dos traballos de acondicionamento e rehabilitación do firme en 5 estradas do Páramo e Ribadeo e a adxudicación das obras noutras 5 vías que atravesan os concellos de Guitiriz, Monforte de Lemos, Bóveda, Pastoriza, Castro de Rei e Barreiros.

“Mellorar a mobilidade é unha das prioridades neste mandato e tamén o meu compromiso, porque unhas estradas en boas condicións son necesarias para favorecer a igualdade de oportunidades e o reequilibrio territorial”, apuntou Tomé Roca, que lembrou lembrou que nos orzamentos provinciais deste ano as partidas para o amaño de estradas aumentaron nun 14% ata acadar os 16M€.

No concello de Ribadeo licitouse a rehabilitación do firme da LU-P-5207, que vai a Vilela, nun tramo de algo menos dun quilómetro á altura do inicio da estrada, entre os puntos quilométricos 0,500 e 1,129. Un tramo que tamén se dotará de

beirarrúas no paso sobre as vías do ferrocarril. “Esta é unha actuación moi demandada polos veciños e as veciñas, porque é unha vía que dá acceso ao campo de fútbol municipal Pepe Barrera”, apuntou o Presidente. Estes traballos contarán cun orzamento de 524.000€ e un prazo de execución de 12 meses.

Ademais darase continuidade aos traballos da estrada provincial paralela á costa de Barreiros, a LU-P-0610. Neste caso, a institución provincial xa investiu 91.300€ nesta vía, para mellorar o tramo entre os puntos quilométricos 3,400 e 5,400. Na Xunta de Goberno celebrada este venres saíu adiante a adxudicación do proxecto para a mellora doutro tramo desta estrada estratéxica para Barreiros e a comarca da Mariña. Os novos traballos acometeranse entre os quilómetros 1,400 ao 3,400, cun investimento de 120.777€ e un prazo de execución de 9 meses. “Xa o dixen no seu día, pero manteño o meu compromiso de que neste mandato esta estrada quedará totalmente renovada”, apuntou o presidente.

Repararán a fachada do Pazo de San Marcos



A Deputación licitou, por importe de 120.000 euros, a reparación e acondicionamento da fachada do Pazo de San Marcos, sede da institución provincial. O histórico edificio presenta deterioro nalgúns zonas debido ao paso do tempo. Os traballos consistirán na limpeza da fachada e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e gretas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado das paredes.

O proxecto tamén inclúe a colocación na fachada unhas letras en aceiro pintado co texto Deputación

Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos, e que identificarán á institución que alberga o Pazo. Estes traballos completaranse coa reparación da pintura do Salón de Plenos, que presenta zonas afectadas pola antiga presenza de humidades.

Con este proxecto, que ten un prazo de execución de tres meses dende o inicio das obras, continúaase a mellora do edificio, que xa comezou o ano pasado coa renovación da cuberta, que contou cun investimento de case 350.000 euros.

140 solicitudes na primeira edición de Coñece a túa provincia

José Tomé Roca, anunciou a aprobación da listaxe de entidades admitidas no programa Coñece a túa provincia, unha das medidas integradas o Plan de Impulso de Economía da Provincia. A iniciativa, que recibiu 143 solicitudes de participación na súa primeira edición, inclúe viaxes por toda a provincia para entidades sen ánimo de lucro con sede nalgún dos 67 concellos da provincia.

Tomé valorou o éxito do programa e sinalou que “estamos moi contentos e orgullosos do poder de convocatoria desta iniciativa que naceu con vocación de continuidade e que creemos que contribuirá, de maneira moi importante, á recuperación sostible do sector turístico, da hostalería e do comercio local. Os sectores máis castigados pola pandemia grazas ó seu efecto multiplicador”.

O órgano provincial admitiu a 62 entidades como primeiras beneficiarias e 79 foron incluídas na lista de agarda, só dúas asociacións excluíronse por non cumprir con algún dos apartados da convocatoria. As prazas foron adxudicadas por orde de inscrición ata completar as prazas, tal e como sinalan as bases.

DEPORTES

Retorno do fútbol post-covid

Tras un ano a medio gas, esta tempada volverá a competición futbolística, con normas para manter a seguridade sanitaria

A irrupción do virus provocou o pasado mes de marzo de 2020 a suspensión da Liga en todas as súas categorías. Aínda que se lle deu unha saída pechando a tempada cos resultados ata a data, quedou unha espiña cravada en moitos equipos, con opcións e que quedaron ás portas de ascensos.

O pasado ano, tras moitos tiras e afrouxas celebrouse unha competición moi limitada e escueta. O fútbol profesional e as categorías nacionais tiveron unha competición similar á de anos anteriores, aínda que tiveron que reaxustar calendarios para limitar desprazamentos.

Ao final, houbo que esperar ata febreiro para dar comezo a unha liga que se centrou en poucas xornadas pero que finalmente se solventou cun novo deseño de competición en case todas as categorías, dividindo os grupos en subgrupos.

Aínda así, o fútbol de base fixo unha mini tempada que soubo a pouco aos xogadores pero que deu algo de normalidade á vida deportiva. Onde houbo algo de polémica foi nas ca-

tegorías de sénior por debaixo de Preferente, as de fútbol afeccionado. Unha gran parte dos equipos non quixeron xogar debido á situación de risco polo que moitos se plantaron ante a Federación para renunciar á competición, a risco de que iso lles implicase un descenso de categoría. Finalmente, e debido a que moi poucos equipos estaban dispostos a xogar, anuláronse a Primeira, Segunda e Terceira Autonómica. Os mesmos equipos que se plantaron o ano pasado este están dispostos a competir debido á xeralización da vacinación.

A NOVA TEMPADA. A nova tempada terá modificacións sobre o habitual xa que estar divididos en subgrupos parece a mellor opción para solucionar dúas cuestións fundamentais, reducir os desprazamentos e o contacto entre equipos. Deste modo, hai unha primeira fase en cada subgrupo e despois os campións enfróntanse polo título e o resto por evitar o descenso.

Precisamente o descenso será un dos grandes pesadelos desta tempa-

da. Se nas anteriores quedaron suspendidos, este ano, volverán estar vixentes para equilibrar as competicións. Outra das normas activas é que non haberá cobertura de vacantes por non inscrición de equipos.

FÚTBOL BASE. Todo está listo xa para o comezo do fútbol base nas categorías autonómicas. Os equipos, que xa están inscritos, competiron a pasada tempada, malia que só o fixeron durante tres meses. Este ano volverán ter subgrupos e a súa data de comezo oscilará entre a última fin de semana de setembro e a primeira de outubro.

Así en xuvenís participarán este ano, Viveiro, Ribadeo, Polvorín e Residencia no Norte e Calasancio no Sur. O Vilalbés de Liga Galega decidiu non competir este ano nesta categoría e dentro dos coruñeses estará o As Pontes. En cadete tamén estarán Viveiro, Ribadeo e Residencia, ademais de Vilalbés, Lugo B e Milagrosa, sen faltar o Calasancio no Sur. En infantil están inscritos Viveiro, Castro, Lugo e Residencia.

As ligas galegas, que contarán este ano cunha nutrida participación provincial, complétanse coas de ámbito nacional. O Lugo terá equipo nas Divisións de Honra xuvenil e cadete e en Liga Nacional, nesta última tamén estará o Vilalbés. Estas si comezarán antes. Os primeiros serán os xuvenís, que saíron ao campo a primeira fin de semana de setembro. O resto o farán a mediados de mes.

Tamén volverán as ligas provinciais e de fútbol 8, que se están preparando pero para as que aínda queda organizarse e establecer que sistema de competición levarán a cabo. Non empezarán como mínimo ata mediados de outubro.

FÚTBOL SÉNIOR. A primeira en comezar será a Terceira, que o fará a segunda fin de semana de setembro. Co calendario listo e seguindo a dinámica de todos os anos. Participan este ano Polvorín, Viveiro e Vilalbés. A Preferente, que xa tivo competición o curso pasado, comezará a tempada a mediados de setembro, tamén con dúas fases e divididos en

subgrupos. Nesta categoría participarán Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana, Escarón e Lemos no grupo do Norte, xunto ao CD As Pontes. Todos estarán no mesmo subgrupo inicial. Nesta categoría hai 50 equipos inscritos, cubrindo a totalidade das prazas dispoñibles.

En Primeira Autonómica está todo listo tamén. Participarán este ano, tras a pausa do ano pasado, 100 equipos, un menos que na última edición celebrada e que corresponden á zona de Ourense.

Así, no grupo lugués estarán os 20 que estaban. Todos eles xa confirmaron a súa participación e deron comezo aos adestramentos en maior ou menor medida. Para estes, a liga arrincará a mediados de outubro. Tamén estarán este ano divididos en subgrupos. O lugués, terá un subgrupo cos da zona norte e outro cos da zona sur, que nunha segunda fase xogarán uns contra os outros.

Así mesmo, haberá competición en Segunda e Terceira pero estase aínda confirmado as categorías co prazo de inscrición recén rematado.

Comezan os adestramentos sénior

CD CASTRO. Os xogadores do CD Castro ao completo deron comezo á tempada cos primeiros adestramentos baixo a dirección de Juan Peón, que seguirá unha tempada máis no seu labor á fronte do equipo sénior. Ademais de Juan Peón, o conxunto conta coa renovación de Josema e Yebra na portería, o defensa Raúl, Hugo B, Rober e Mangel, que seguirá como xogador e como axudante na formación da base do conxunto. Así mesmo, continúan Lois. Chufi, Brais, Nacho, Dani, Noel, Adrián, Yoel Astariz, Niko Edrosa, Sergio Quiñones, Sergio Begonte, Play e Isacc. Ademais Joel, Torito e José Ónega (que ascenderon a pasada campaña desde xuvenís) repiten. Así mesmo, continuará Dumí, coordinador da escola de base, director deportivo e valedor do proxecto actual e capitán dentro e fora do céspede. Foi tamén o que dirixiu ao equipo de infantil no seu ascenso á categoría autonómica. Xunto a el incorpórase Mauro tamén como adestrador da base.

Entre as novas incorporacións ao club figura Adrián, ex xogador do Outeiro de Rei e que tamén militou nas categorías inferiores do Lugo. Súmase Samu Quintela, procedente do Ribadeo, que tamén continuará como adestrador na base.

O club presentou tamén a Iván Navia, ex xogador do CD Lugo e Rácing de Ferrol, que chega a Castro procedente do Residencia na parte ofensiva polas bandas. Boja volve tamén ás filas vermellas. De volta tamén está Iago, tras dúas tempadas no Vilalbés. Outras das incorporacións son as de de Fer (Nandius) e Mateo Gorgoso, formados na canteira do Residencia e que veñen do Páramo. Juanma tamén é outras das pezas que regresa ao club, tras dúas tempadas na Pastoriza e Ribadeo e que tamén se incorpora como adestrador na escola de base.

Ademais, tamén se incorporan da categoría inferior Pablo, Diego, Champi e Asier. Da categoría inferior, pero do Vilalbés, procede tamén Marco. O Club contará tamén este ano cun equipo filial para acoller, que comezará na categoría máis baixa e que estará ao cargo de Isaac, equipo non que se intentará acoller aos xogadores da base que rematan a súa fase como xuvenís. Este novo equipo tamén deu comezo aos seus adestramentos.

CD AS PONTES. A dirección deportiva do CD As Pontes confirmou a incorporación de tres novos xogadores ao equipo. Trátase de Dani Montes,

defensa de 23 anos e natural de Vilalba e chega procedente do Viveiro Cf. Tamén se uniu Sergio Otero, centrocampista de 21 anos e natural das Pontes, que se incorpora procedente do CSD Arzúa.

A última incorporación foi a de Julián Nieto, centrocampista de 20 anos que procede do Atlético Tordesillas e xogou tamén no Racing Club de Ferrol e UD Somozas.

Deste modo o equipo, salvo novidade, queda xa completado para iniciar en setembro, concretamente o 19, a tempada en Preferente, categoría á que volve tralo seu paso por Terceira. O conxunto iniciou xa a súa pretempada con algún partido.

PASTORICENSE. Tras un ano en branco por mor da covid-19 tamén regresará á competición a UD Pastoricense, que continuará na Primeira Galicia competindo dende O Acebreiro.

Volve para dirixir a nave da UD Víctor López, que xunto coa directiva traballou e sigue traballando arreo para conformar un equipo competitivo. O equipo presenta numerosas baixas con relación á última competición pero esta foi compensada con novas incorporacións. O conxunto ao completo iniciou xa os adestramentos.



Arriba, o CD Castro adestrando, e abaixo, os xogadores do CD As Pontes

Así, continuarán no equipo Iago, Gandoy, Diego, Cristian, Iago Ares, Saavedra, Dani, Celeiro, Javi Vidal, Hugo Leivas e Kanuto e saen do mesmo Rico, que marcha ao Outeiro de Rei; Raú e Manu, ao Foz; Juanma O Castro e sen equipo quedan Casillas,

Álex, Álex López, Gabi e Antón. Polo de pronto hai seis altas, xunto a Adrián e Brais, procedentes do equipo xuvenil, foron incorporados Carlos do San Roque; Suso Orxás, do Riotorto; e Roi, Hugo Grueira, José Antonio e Mel.

Novo equipo B sénior masculino no San Xoán

Inscricións aberta para a base do fútbol sala

A Asociación Deportiva e Cultural San Xoán de Guitiriz comunicou oficialmente a creación para esta tempada que comeza dun equipo B na categoría sénior masculina de fútbol sala, que militará na Primeira Autonómica, antes coñecida como Provincial.

Este equipo ten o obxectivo de dar saída a todos aqueles xogadores das Escolas Deportivas de Guitiriz, "de modo que todos poidan seguir xogando", indican dende a dirección do club.

Ademais, o club xa confirmou tres renovacións, a de Christian, Suso, Adri, Esteban, Manel, Xabi, Campello, Álex, Nimbos, Asier, Diego, Alber e Piti e a baixa de Toki. Entran no equipo Xoel, Antón, Diego, e Isma.

FSF CASTRO. Como todos os anos, o FSF Castro de fútbol sala abriu o prazo de inscrición para participar nas bases do equipo a próxima temada que da inicio no mes de outubro. O club conta con equipos nas categorías femininas de Segunda Nacional Sénior, Primeira Galicia Sénior e nas de base de alevín, infantil,

cadete e xuvenil. Ademais ten un equipo en masculino Sénior. Os conxuntos de base conseguiron dous campionatos e un subcampeonato galegos a pasada tempada. Os interesados en anotarse poderán informarse no teléfono 647 803 507.

ESTEO. O club pontés O Esteo FS xa se atopa planificando a vindeira tempada 2021-2022, polo que xa está aberto o período de inscrición na mesma. Có lema Queremos seguir medrando contigo, únete a O Esteo FS deu comezo o prazo de inscrición para todos aqueles nenos e nenas que queiran formar parte da Escola de Fútbol Sala de Base.

A solicitude de inscrición poderá descargarse na páxina web do club e, esta a súa vez deberá de ser enviada debidamente cuberta, xunto có xustificante de pago. A inscrición está aberta para todos os pequenos nados entre 2016 e 2003, para as categorías de biberón ata xuvenil. Os interesados en obter máis información poden facelo no número de teléfono 677 46 61 90.

A Escola Movemento de Vilalba logra 2 medallas no mundial de danza



Un dos grupos gañadores do evento

A escola de danza Movemento de Vilalba rematou a súa participación no Mundial de Danza con dúas medallas, unha de prata e outra de bronce, e un cuarto posto. Foron 13 as coreografías clasificadas para o Mundial celebrado do 8 ao 19 de agosto. Todas elas obtiveron moi bos resultados, algunhas con resultados preto do podio, e por primeira vez esta escola é medallista.

A prata foi para o grupo Baby Shark e o bronce para Madre Tierra. Destacou tamén o posto da coreografía Muiñeira que acadou un cuarto na categoría Sénior, categoría cun elevadísimo nivel e na que a maior parte das nenas que bailaron aínda son da Childre

(dúas categorías por debaixo da súa idade porque sénior só son 3 das rapazas do grupo).

"Ata hai 4 anos España estaba representada unicamente por flamenco, foi nese intre cando decidimos levar a nosa tradición por primeira vez. Foron moi positivos os comentarios dos membros do xurado e actualmente son moitas escolas de fóra as que tentan imitar o noso folclore e se interesan por coñecelo. Vendo o éxito que ten o flamenco a nivel internacional e a marca España que representa, sentimos un enorme orgullo ao ver que a nosa peza Muiñeira (homenaxe as pandereteiras) rozou podium por unhas décimas", explican.

Friol e Outeiro acollen senllas xornadas BTT e Cospeito anula a súa

O Club Ciclista de Friol organiza por primeira vez a Ruta BTT o 17 de outubro. Constará de dous percorridos, o longo de 70 km e 1.800 metros de altitude, e o curto de 40 quilómetros e 850 metros. Terá un prezo de 25 euros cun desconto para os federados de 10 euros. Para participar haberá que inscribirse en Championchip-norte e para solicitar información no email clubciclistafrinol@gmail.com ou no teléfono 606 085 556.

OUTEIRO. O Concello de Outeiro de Rei acollerá O sábado, 11 de setembro, a Mini BTT Penas de Rodas, que dará comezo a partir das 10.00 horas. A proba, organizada baixo o regulamento da FGC atribúe puntos para o ránking Minibtt 2021.

O circuito atópase na área recreativa de Penas de Rodas e establécense diferentes categorías, infantil, alevín, principiantes, promesas e benxamíns, con percorridos de 2,41 kms, 1,34, 0,96 e 0,43 con desniveis que van desde os 57 metros para infantil e alevín ata os 6 de cadetes.

COSPEITO. A organización da BTT Lagoa de Cospeito comunicou a súa cancelación da edición deste ano, prevista para o 11 de setembro por mor da situación sanitaria. "Preferimos agardar a unha situación de maior normalidade", informaron.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

	Emerxencias: 112	Incendios Forestais: 085	
	Urxencias Sanitarias: 061	Garda Civil: 062	

COLABORACIONES

Chairegos sen fronteiras

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Esolidarios, comprometidos, implicados, etc., etc. Serían moitos máis os adxectivos, todos eles positivos, dos que poderíamos botar man para referírmolos a dúas persoas como Lara Lozano e Alberto Ferreiro, ámbolos dous con berce na Terra Chá, ela en Cospeito e el en Outeiro de Rei. Con outras catro persoas máis, integran unha pequeniña organización non gubernamental chamada Amor sin Barreras, xurdida hai un tempo a raíz da participación en

accións de voluntariado no país africano de Quenia.

Cando un le este tipo de reportaxes no xornal, veñen á mente de forma inevitable as experiencias vividas por un servidor en tempos pretéritos dentro da cooperación internacional. Aínda de moi curta duración, a oportunidade de participar en iniciativas desenvolvidas en comunidades ubicadas en Cuba, Brasil ou Mozambique, significou un enriquecemento tanto a nivel persoal como profesional. Aqueles apenas vinte días nos que se convivía practicamente de igual a igual, en condicións similares, cos habitantes do lugar, resultaron ser unhas vacacións atípicas, totalmente opostas á semana de relax nun hotel con tódolos servizos

á disposición. O impacto emocional tiña que resultar evidente, xa que se compartía espazo cos nenos, xoves e persoas adultas que eran os destinatarios das accións que se levaban a cabo. Existiu a posibilidade de coñecer de preto as carencias e a precariedade das xentes autóctonas, escoitándoas e tratando de comprender a súa propia idiosincrasia. Todas eran quen de transmitir o desacougo que lles producía ter que convivir en ambientes xeralmente moi complicados, mais tamén tiñan a capacidade de mostrar o orgullo de pertenza ó propio entorno, de amosar os seus bailes, a súa música e a súa alegría. E por suposto, non escondían as ansias por albiscar un mellor futuro para os seus.

Nosoutros, habitantes do hemisferio norte, nesta Europa chea de prosperidade, pero que tamén esconde as súas miserias e incoherencias, obtemos información sobre o que acontece noutras zonas do planeta polos medios de comunicación, mais a perspectiva cambia radicalmente no momento en que se comprobaban esas situacións in situ. É bo que non sexamos alleos ó que pasa alén do noso fogar, sen ningunha resposta ás múltiples inxustizas que se producen. Non podemos sentirnos culpables dos sufrimentos a milleiros de quilómetros da nosa casa, martirizándonos constantemente, pero tamén nos deberíamos rebelar contra as causas que crean esas circunstancias. E temos a capacidade de facelo.

Lara e Alberto xa se atoparán en Quenia tras unha longa viaxe, no destino escollido, Turkana; alí construírán un centro de educación infantil, que non será soamente unha gardería, como ben explican, senón que levará consigo un plan educativo no que se inclúen diversos proxectos. A idea final é mellorar globalmente a comunidade na que se intervén. Estes dous chairegos, ós que se une Carla, a filla de doce anos dun deles, son un exemplo de humanidade e empatía. Coma eles hai centos de paisanos nosos, con variada motivación, distintas ideoloxías e procedencias, en análogas misións. Non salvan o mundo, mais aportan para que, alomenos, non sexa tan malo. Un gran non enche a graneira, pero...

Xente de paso

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Valba acadou sona internacional como terra de poetas, escritores, xornalistas, médicos, políticos, creadores... O militante anarquista Ángel Carballeira, os irmáns Xosé e Ramón Chao Rego, o sociólogo Bernardo García Cendán, o futbolista Vicente Celeiro, a actriz Cristina Castaño, o historiador Manuel Mato Vizoso, os doutores Plácido Orosa, Emilio Bouza e Alberto G. Basteiro, o autodidacta e polifacético Antonio García Hermida, os escritores Xosé Luís García Mato, Agustín Fernández Paz e Antonio D. Olano, a poeta Carmiña Prieto Rouco, os políticos Aniceto Codesal, Manuel Fraga Iribarne, Enrique González Luaces, Suso Gayoso, Xosé M^a García Leira, Agustín Baamonde, Martín Seco (pai e fillo), Ángel Felpeto e Lois Peña Novo, o pintor López Guntín, os bispos Rouco Varela e Alfonso Carrasco, o académico Darío Villanueva, o filósofo Antón Baamonde... Asegura precisamente este último que tal profusión de celebridades nun municipio tan pequeno pode estar relacionada co feito de que fose "un pobo de tránsito, situado nunha encrucillada con Ferrol, Mondoñedo, Lugo e A Coruña, e a circunstancia de ser unha vila de comerciantes". Ese cruzamento de camiños favoreceu sem-

pre as abundosas visitas da "xente de paso", unha expresión que adoitaba empregar o Chavito para referirse ao seu perfil idóneo de clientes cando se viu na obriga de transformar o tradicional modelo de negocio, en especial tras a crise de finais da década dos oitenta e a posterior proliferación de supermercados e grandes superficies que, lamentablemente, remataron por substituír á maior parte das vellas tendas de ultramarinos e pequenos comercios de variedades.

Outro feito que afectou de xeito considerable á empresa familiar foi a posta en marcha da estación de autobuses, inaugurada oficialmente o 30 de agosto de 1991, na véspera de San Ramón. A localización estratéxica de Vilalba, xunto á idea de intensificar as conexións interurbanas -sobre todo con Madrid, Bilbao e Murcia- e desconxestionar así o tráfico no centro do pobo, provocou o traslado das antigas paradas, situadas durante décadas fronte á Casa dos Marios (en dirección Lugo, Compostela e A Coruña) e diante da cafetería La Vizcaína (con destino Mondoñedo e localidades costeiras da Mariña, como Viveiro, Foz e Ribadeo). Asemade, púxose en marcha o traxecto entre Vilalba e Madrid, con dúas saídas diarias da capital do Estado dende a Avenida de América, estación Sur, terminais T4 e T1 do aeroporto, praza Elíptica, Porta do Sol, Príncipe Pío e Moncloa. Por outra banda, o roteiro dende Bilbao reduciuse até as nove



horas e a maioría dos usuarios eran emigrantes que retornaban polo Nadal ou durante época estival.

Tras a prematura morte dos meus tíos Mario e Cándido -con 52 e 41 anos, respectivamente- o Chavito decidiu reconverter a tenda e transformala nun local de produtos típicos, que chegou a ser referente en toda a xeografía galega, pois recibía clientes de toda clase e condición. Como os pensadores Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega, os humoristas Carlos Díaz "O Xestal" e Xosé Luís Bernal "Farruco", dúas de xornalistas que durante quince anos acudiron á celebración das Xornadas de Comunicación Interdepartamental da Xunta de Galicia no hotel Villamartín, músicos como Piti Sanz -sobriño neto do mestre Gregorio Sanz- e Julián Hernández, líder

de Siniestro Total, e afamados locutores de radio, que puxeron voz nas ondas aos eventos gastronómicos da Chaira, narrados con paixón por Tuñas Bouzón ou Luís Rial. Tamén aristócratas namorados da paisaxe galega, como José Manuel Romero, conde de Fontao, amigo persoal e asesor legal do Rei emérito durante máis de vinte anos e que nos seus desprazamentos dende Madrid até Fazouro (Foz) facía un alto en Vilalba para xantar no Parador e mercar queixos, chourizos e outras viandas na Casa dos Marios. O mesmo lle acontecía a Juan Ramón Díaz García, histórico director de La Voz de Galicia, quen, cando se dirixía cara a Mondoñedo, só ou en compañía de amizades como o escritor Alfredo Conde ou o columnista Juan Soto, paraba a partir co Chavito e aproveitaba aquel momento para

degustar unha ración de xamón dos Acisclos con pan de Martiñán e unhas copas de tinto reserva da Rioxá. Outro ilustre cliente foi o diplomático Carlos Robles Piquer, cuñado de Fraga, que se achegaba todos os anos pola capital da Terra Chá para pasar as festas patronais coa familia. E o expresidente do goberno Leopoldo Calvo-Sotelo, que na década de 1980 -tras deixar a primeira liña política- conducía dende Madrid o seu vehículo particular, un Seat 132 (equipado con motor Mercedes), sempre acompañado pola súa dona Pilar Ibáñez e seguidos de preto por un coche escolta. Estacionaba diante de La Vizcaína e atravesaba a rúa para mercar queixos de San Simón. A súa vinculación con Ribadeo, onde nacera a súa nai e onde se instalaba cada verán, era moi estreita; de feito, foi nomeado patrón maior honorario da Confraría de Pescadores, director honorífico da Coral Polifónica e alcalde honorario da capital da Mariña oriental.

O meu pai foi un home sabio, cunha filosofía propia e un peculiar estilo, herdado de xeracións anteriores da nosa familia, que ben podería resumirse nunha frase: "As cousas nesta vida hai que velas vir, deixalas pasar e, se non queda outro remedio, paralas a tempo". Desvelouma nunha tarde de outono, tras unha longa andaina polas beiras do río Madalena. Ollámonos cun sorriso cómplice e seguimos a camiñar en silencio.

Tres luzes

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O 2 de outubro do ano 2015, tivo lugar na igrexa dos Vilares de Guitiriz a celebración dunha homenaxe ao noso querido veciño, Xosé María Díaz Castro, e ao calor desa homenaxe naceu a “Nova Poesía Guitirica”, composta polos que Armando Requeixo chamou daquela “Os afillados de Pepe”. Agora foron aumentando eses afillados e afilladas e o noso activista cultural, Antón de Guizán, afirma que ademais do potencial poético que temos, contamos con tres Luzes nesa asociación, que aluman o futuro da nosa poesía, das nosas letras e da nosa cultura, enriquecendo e dando valor ao noso idioma, ese idioma e esa cultura que con moito gusto e remango nos sigue secuestrando o presidente da Xunta de Galiza. Unha delas é María Luz Airado Bello, unha andoriña das cortes ou curuxa das noites, que anda na procura do carabullo da curvatura perfecta, do diámetro exacto, e da herba la, para instalarse no berce dos sonos; avogada e poeta da terra dos canteiros de Román, que segundo Manuel María encheron de cruceiros toda a Terra Chá.

Publicou o poemario “Instintos” e colaborou en libros colectivos como “Trinta voces pola eliminación da violencia contra as mulleres” da Editora Alvarelos. Xa cando era rapaza recibiu varios premios, como o “Trapero Pardo” ou o “Francisco Fernández del Riego” e cando estudaba dereito na Universidade de Santiago gañou, no outubro de 2008, o “IX Certame Díaz Jácome” de poesía para novos creadores, convocado polo concello de Mondoñedo coa colaboración da Fundación Caixa Galicia.

Tiven o gusto de vela e escoitala este verán no “I Festival de Poesía Guitirica”, organizado polo Concello de Guitiriz e promovido por Nova Poesía Guitirica, Xermolos e a Lareira de Soños, que tivo lugar os pasados 12 e 13 de xuño, onde tamén puiden ver e escoitar á artista, poeta e escritora galega Luz Darriba, quen, ao igual que o noso amigo, fundador de Xermolos, do Festival de Pardiñas e moitas cousas máis, Alfonso Blanco Torrado, naceu na capital de Uruguai. Pasou por Bos Aires en 1970, estudando Mestra Nacional de Artes Visuais na Escola Nacional de Belas Artes Manuel Belgrano;



pintura e escultura no taller do escultor Pujía; pintura mural na Escola Superior de Belas Artes Ernesto da Cárcova, da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires, emigrando a Galiza en 1990 para crear, no ano 2000, o proxecto CUMULUM, co que rodeou os 2.130 metros do perímetro da muralla romana de Lugo con máis de medio millón de libros, para que este monumento fose declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco, obxectivo que, grazas a ela, foi logrado nese mesmo ano.

A esta poeta e artista plástica débémolle o deseño da folla de carballo que serve de anagrama da Nova Poesía Guitirica, na que tamén contamos con Luz Campello, poeta de Labrada e descendente de vilaregos, a quen coñecín na igrexa dos Vilares, o 14 de agosto de 2011, pola desgraza do pasamento prematuro do seu tío Ovidio Campello, amigo meu e compañeiro de faixa e de loita naqueles tempos de “Nunca mais - Secula ez berriro” polas rúas de Euskadi, cando o litoral galego estaba pintado de negro. Amiga desde aquel día, pero antes, aínda que non a coñecía persoalmente, eu xa admiraba a súa poesía, debido a que xa lera o seu libro “Corazón da terra”, editado por Xermolos no 2009, e sabía tamén que no ano 2005 gañara o premio de poesía “An-

doriña Voandeira”, que convoca anualmente a Irmandade de Centros Galegos de Euskadi, con un micropoemario titulado “Muller”. Despois, Luz Campello veunos agasallar con un necesario “Inventario do prohibido”, editado por Espiral Maior; unha luz forte e clara que inunda ese espazo baleiro no que, como muller orgullosa de selo, loita contra o prohibido, afirmando que é froito dun enxerto de maceira que colga dunha pola, que leva o selo do pecado orixinal nas súas veas, para que a vexamos completamente núa, sen prendeduras nin mordazas e poidamos ver no reverso do espello a pel feita testemuña, porque ter espírito de guerreiro non abonda para domeala, nin ter alma de trapeira nos autoriza a tratala coma un trazo. Todo un inventario do que as leis prohiben dependendo do sexo e da orientación sexual de cada quen, nesta sociedade machista e patriarcal, do que tanto Sonia Levinski como Sandra Tenreiro musicaron poemas.

Dentro de pouco esta Luz alumaranos con outro libro de poesía que está preparando para publicar na colección “Rompente” de Galaxia e que xa agardamos con impaciencia. Será benvido para todos aqueles que amamos a boa poesía e para esa asociación guitirica á que pertencen estas tres Luzes.

a elección de...



Elena López
Concelleira de Turismo das Pontes

un libro



Emocionarte de Carlos del Amor

un disco



Pequeño de Enrique Bumbury

unha película



E un voou sobre o niño do cuco

un personaxe histórico



Leonardo da Vinci

un lugar para visitar



A Coruña

unha afección



O deporte

unha comida



Os freixós

unha bebida



1906 en boa compañía

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

TAHONA CURRÁS



HORARIO



San Roque

Lunes a viernes
8.00 a 14.30
17.00 a 21.00

Sábados/domingo feira
08.00 a 14.30

982 510 062

Novo Cazón

Lunes a viernes
9.00 a 14.00
15.30 a 20.30

Sábado
09.00 a 14.00

620 417 383

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Outro ano sen historia para As Pontes

Os meses de setembro significou nos últimos anos unha Cita coa Historia, unha celebración coa que se pretendeu render unha homenaxe á pasado desta localidade. Durante seis anos consecutivos a vila escolleu a primeira quincena de setembro para facer unha celebración que foi asentándose cada vez máis, cunha ampla participación e un aumento de actividades que, como en todas as ocasións, freou a covid en 2020.

Este será un novo ano sen Cita coa Historia. A asociación que a organiza, Lembranza da Vila, decidiu non celebrala este ano, por segunda vez, debido á presenza todavía forte da covid entre a sociedade galega.

A actual Cita coa Historia das Pontes é unha evolución da Feira Medieval que se celebraba no casco antigo desde o ano 2004. Leva realizándose desde o ano 2014 tal e como explica a súa organización tiña un obxectivo claro, "dar un paso adiante na recreación histórica da vila, mediante a organización dun evento máis amplo, non só mercado, con actividades para o público infantil, espectáculos e recreación de antigos oficios tradicionais".

Co novo formato de evento de recreación histórica, a Cita aumentou considerablemente o número de visitantes, tanto da propia comarca como doutras provincias.

De feito, a festa evolucionou ata completar un programa de tres días, de venres pola tarde a domingo, con pregón, espectáculos de rúa, recreacións históricas, cetrería, pirotecnia, mercado, obradoiros, concursos, concertos e un sinfín de actividades nun programa denso



Catro imaxes da última celebración da Cita coa Historia das Pontes

e moi variado co que percorrer os pasados romano e medieval, principalmente.

A ASOCIACIÓN. Detrás desta celebración está o colectivo cultural Lembranza da Vila, que preside Alfonso Tojeiro Roca e no que están integradas 110 unidades familiares. Pero a Cita coa historia non é a única das súas actividades malia que pode ser a máis visible.

Leva traballando dende 1992 co obxectivo de promocionar a zona

vella da vila, servir como punto de reunión para antigos veciños do mesmo, fomentar o lecer e a formación das persoas maiores, etc.

Para levar a cabo este traballo ofrecen numerosas actividades aos seus asociados durante todo o ano. Realizan clases de baile de salón e latino, danza coreográfica así como obradoiros de distinto tipo entre os que se atopan os de restauración, bordado, Patchwork e corte e confección.

Tampouco esquécense das gran-

des festividades locais como o San Xoán, Magosto, Entroido, Fin de Ano e distintas homenaxes que se realizan.

Todas estas quedaron en suspenso

Detrás da festa está o colectivo cultural Lembranza da Vila, no que están integradas 110 familias

coa chegada da covid, en marzo do 2020, practicamente nada se puido facer neste tempo.

Mentres tanto, a asociación está á espera de recibir un novo local que lles permitirá ampliar o número de actividades e poder realizar outro tipo de eventos, que polas limitacións de espazo do actual local, non era posible realizalos.

Polo tanto, este colectivo, seguindo a liña xeral actual, está en espera de que mellore a situación para poder retomar a actividade normal.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



GRUPO FORMA+
formación integral de empresas

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05